



DISTRIBUCIÓN DA POBREZA NA CIDADE DE SANTIAGO DE CHILE

Luis Fernández Fernández



GRAO EN XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

TITOR E COTITOR: XOSE MANUEL SANTOS SOLLA E RAMÓN LÓPEZ RODRÍGUEZ

Curso 2023/2024

Contenido

| | |
|---|----|
| Índice de Figuras | 2 |
| Introdución | 6 |
| Obxectivos e motivación do traballo..... | 6 |
| Concepto de pobreza | 8 |
| O comezo das desigualdades..... | 12 |
| Metodoloxía | 13 |
| Contexto chileno. A implantación das políticas neoliberais | 15 |
| A evolución do país dende a independencia | 15 |
| O Goberno da Unidade Popular (1970-1973) | 17 |
| A ditadura de Pinochet (1973-1990) | 19 |
| Transición democrática e actualidade | 22 |
| Santiago de Chile | 24 |
| O Estalido Social como resistencia ao neoliberalismo..... | 24 |
| Características territoriais e administrativas..... | 29 |
| Segregación socio residencial | 32 |
| Políticas Urbanas de Chile | 34 |
| Resultados | 36 |
| Cuantificación da exclusión social..... | 36 |
| Análise das enquisas | 43 |
| Conclusiones | 56 |
| Bibliografía | 60 |

Índice de Figuras

| | |
|--|----|
| Figura 1:Liñas de pobreza e pobreza extrema nos núcleos urbanos de Chile. Elaboración propia a partir dos datos da CEPAL..... | 11 |
| Figura 2: Rexións de Chile. Elaboración propia. | 31 |
| Figura 3: Provincias e Comunas da Rexión Metropolitana. Elaboración propia. | 32 |
| Figura 4: Percentís dos salarios en Chile. Elaboración propia a partir dos datos da Fundación SOL..... | 37 |
| Figura 5: A taxa de pobreza por Comunas. Elaboración propia..... | 38 |
| Figura 6: Poboación carente de servizos por Comunas. Elaboración propia. | 40 |
| Figura 7: Fogares superpoboados por Comunas. Elaboración propia. | 41 |
| Figura 8: Disponibilidade presupostaría por habitante en cada Comuna. Elaboración propia. | 42 |
| Figura 9: Perfil dos participantes. Elaboración propia. | 43 |
| Figura 10: Residencia dos participantes. Elaboración propia. | 44 |
| Figura 12: Endebemento para estudar. Elaboración propia..... | 45 |
| Figura 13: Tempo do endebemento. Elaboración propia..... | 46 |
| Figura 14: O salario mínimo en Chile. Elaboración propia..... | 47 |
| Figura 15: O salario necesario para vivir cómodo en Santiago. Elaboración propia. | 47 |
| Figura 16: Independencia económica. Elaboración propia. | 49 |
| Figura 17: Rango de ingresos. Elaboración propia..... | 49 |
| Figura 18: Niveis económicos das Comunas. Elaboración propia. | 50 |
| Figura 19: Percepción da riqueza por Comunas.. Elaboración propia. | 51 |
| Figura 20: Percepción da pobreza por Comunas. Elaboración propia. | 51 |
| Figura 21: Limiares de pobreza. Elaboración propia. | 52 |
| Figura 22: Pobreza extrema en Santiago. Elaboración propia..... | 54 |
| Figura 23: Afirmacións da pobreza extrema. Elaboración propia..... | 54 |
| Figura 24: Percepción do Estalido Social. Elaboración propia. | 55 |

Resumo:

Chile é coñecido como unha das economías máis sólida de América Latina. Os datos do país son moi positivos nun sentido económico. Sen embargo estas boas cifras económicas, agochan o descontento dunha gran parte da poboación debido as consecuencias dun sistema económico neoliberal herdado da ditadura de Pinochet, onde a privatización de servizos xerou unha desigualdade no acceso a educación, saúde, vivenda e transporte. Unha desigualdade e fenda entre clases que os diferentes gobernos democráticos non conseguiron corrixir. O Estalido Social do ano 2019 mostrou esta situación, provocando un cambio de goberno, e propiciou o comezo dun proceso constituínte que continúa na actualidade. O obxectivo deste traballo, a través do exemplo da capital do país, é demostrar que a realidade económica agocha profundas desigualdades, e como os datos económicos nacionais non reflexan a triste realidade dunha das maiores metrópoles de América Latina. A oportunidade de realizar un ano de intercambio en Santiago de Chile fixo posíbel coñecer en profundidade a realidade do chilena. Con esta investigación queremos facer visíbeis as desigualdades económicas na capital do país, Santiago de Chile. Para isto describírase como se implantaron as políticas neoliberais e como as mesmas desembocaron no actual sistema; farase unha análise da situación económico-social mediante consultas a datos oficiais e enquisas a cidadáns; e explicaranse as resistencias contra o cambio en Chile e as loitas a favor visualizando os principais actores desta dicotomía.

Palabras Clave:

Santiago de Chile, pobreza, desigualdades, América Latina, Estalido Social, neoliberalismo.

Resumen:

Chile es conocido cómo una de las economías más sólida de América Latina. Los datos del país son muy positivos en un sentido económico. Sin embargo estas buenas cifras económicas, esconden el descontento de una gran parte de la población debido las consecuencias de un sistema económico neoliberal heredado de la dictadura de

Pinochet, donde la privatización de servicios generó una desigualdad en el acceso a educación, salud, vivienda y transporte. Una desigualdad y brecha entre clases que los diferentes gobiernos democráticos no consiguieron corregir. El Estallido Social del año 2019 mostró esta situación, provocando un cambio de gobierno, y propició el comienzo de un proceso constituyente que continúa en la actualidad. El objetivo de este trabajo, a través del ejemplo de la capital del país, es demostrar que la realidad económica esconde profundas desigualdades, y como los datos económicos nacionales no reflexan la triste realidad de una de las mayores metrópolis de América Latina. La oportunidad de realizar un año de intercambio en Santiago de Chile hizo posible conocer en profundidad a realidad del chilena. Con esta investigación queremos hacer visibles las desigualdades económicas en la capital del país, Santiago de Chile. Para esto se describirá cómo se implantaron las políticas neoliberales y como las mismas desembocaron en el actual sistema; se hará un análisis de la situación económico-social mediante consultas a datos oficiales y encuestas a ciudadanos; y se explicarán las resistencias contra lo cambio en Chile y las luchas a favor visualizando los principales actores de esta dicotomía.

Palabras Clave:

Santiago de Chile, pobreza, desigualdad, América Latina, Estallido Social, neoliberalismo.

Abstract:

Chile is known as one of the most stable economies in Latin America. The country's economic data is very positive. However, these good economic figures hide the discontent of a large part of the population due to the consequences of a neoliberal economic system inherited from Pinochet's dictatorship, where the privatization of services created inequality in access to education, health, housing, and transportation. This inequality and the gap between classes were not corrected by the various democratic governments. The Social Outburst of 2019 revealed this situation, resulting in a change of government and prompting the beginning of a constituent process that

continues to this day. The objective of this work, through the example of the country's capital, is to demonstrate that the economic reality hides deep inequalities and how the national economic data does not reflect the sad reality of one of the largest metropolises in Latin America. The opportunity to spend a year on exchange in Santiago de Chile made it possible to understand the Chilean reality in depth. With this research, we aim to make visible the economic inequalities in the country's capital, Santiago de Chile. To achieve this, the implementation of neoliberal policies and how they led to the current system will be described; an analysis of the socio-economic situation will be carried out through consultations with official data and citizen surveys; and the resistances to change in Chile and the struggles in favor will be explained, highlighting the main actors in this dichotomy.

Keywords:

Santiago de Chile, poverty, inequality, Latin America, Social Outburst, neoliberalism.

Introdución

Obxectivos e motivación do traballo

Chile é coñecido como unha das economías máis sólida de América Latina. Os datos do país son moi positivos nun sentido económico. É o 5º país da rexión de América Latina e o Caribe con maior PIB para o ano 2022, e o 4º na rexión suramericana (Banco Mundial, 2024). Se falamos de PIB per cápita é o terceiro país de América do Sur cun maior rexistro, soamente por detrás de Uruguai e Güiana (Banco Mundial, 2024). Sen embargo, estes datos non reflexan a realidade social chilena. Un país no que o 50% dos traballadores e traballadoras gañan menos de \$503 mil pesos chilenos (aproximadamente 500€), e no que rexistrouse que o 70% dos fogares teñen débedas (Durán & Kremmerman, 2022).

Estas boas cifras económicas do país, agochan o descontento dunha gran parte da poboación debido as consecuencias dun sistema económico neoliberal herdado da ditadura de Pinochet, onde a privatización de servizos xerou unha desigualdade no acceso a educación, saúde, vivenda e transporte. Unha desigualdade e brecha entre clases que os diferentes gobernos democráticos non conseguiron corrixir. Este descontento reflexouse nun incremento das mobilizacións nos últimos anos, en especial no ano 2019 co famoso Estalido Social, unha serie de protestas masivas que se orixinaron na súa capital, Santiago, pero que pronto se trasladarían e mobilizarían por todo o país. O Estalido Social puxo contra as cordas ao goberno de Sebastián Piñera, favorecendo a chegada ao poder da esquerda chilena da man de Gabriel Boric no 2022. A maiores, o estalido criticou a constitución chilena, aprobada no ano 1980 durante a ditadura de Pinochet, e supuxo o comezo dun proceso constituínte que continúa a día de hoxe.

A constitución vixente é un texto moi polémico por diferentes aspectos, o primeiro e máis criticado durante o Estalido Social é a súa débeda coa lexitimación democrática, xa que o texto foi elaborado e aprobado na ditadura de Pinochet. O proceso constituínte co que se levou a cabo non cumpriu cunha norma fundamental, a división no exercicio do poder, xa que a Xunta militar concentraba os poderes constituíntes, executivo e lexislativo, sen consagrar efectivamente o principio de legalidade e cunha ausencia da garantía real e

efectiva para o exercicio e protección dos dereitos fundamentais (Viera Álvarez, 2011). Pese as súas modificacións nestas décadas (os cambios máis destacados realizáronse no ano 2005 durante o mandato do socialista Ricardo Lagos, quen entre outras reformas reduciu o período presidencial de 6 a 4 anos e eliminou aos senadores vitalicios, que eran elixidos polas forzas armadas), a constitución implica unha maioría cualificada para a súa reforma, o que fai que sexa moi difícil se non hai acordos entre os partidos maioritarios.

Os acontecementos do 2019, reflexaron esa falta de consenso político deixando ao descuberto problemáticas sociais que se pensaban resoltas, coma o sistema liberal imperante ou a cuestión dos pobos orixinarios. Sendo os Mapuches un grupo especialmente activo durante as protestas e que leva dende o fin da ditadura no ano 1990 en conflito co estado chileno. As consecuencias disto fanse palpables entre a poboación santiaguina, a cal atopa a cidade de Santiago de Chile dividida en dúas. A Santiago rica e próspera que marabillou ao mundo co seu progreso social, fronte á Santiago esquecida por todos, da que ninguén quere falar pero que representa a maioría da poboación da cidade e que se puido apreciar grazas ao Estalido Social.

Esta situación é a que leva a poñer o foco deste traballo na capital deste país, o obxectivo é demostrar que a realidade económica agocha profundas desigualdades, e como os datos económicos nacionais non reflexan a triste realidade dunha das maiores metrópoles de América Latina. A oportunidade de realizar un ano de intercambio en Santiago de Chile fixo posíbel coñecer en profundidade a realidade do país.

Así e todo, Chile consolidouse dende finais do século XX como un dos países económicos máis sólidos de América do Sur, e un exemplo na aplicación de receitas neoliberais. Porén, a realidade socio-económica ten luces e sombras, agochando enormes bolsas de pobreza e descontento social. A aplicación de políticas neoliberais e a incapacidade para mudar a constitución están conectadas e dan continuidade a unha situación difícil de resolver.

Polo comentado anteriormente, o obxectivo principal do presente traballo é facer visíbeis as desigualdades económicas na capital do país, Santiago de Chile. Para lograr este obxectivo principal marcáronse tres obxectivo específicos:

1. Describir o proceso de implantación das políticas neoliberais no país, é dicir, cales foron os procesos históricos que desembocaron no actual sistema.
2. Analizar a situación económico-social chilena.
3. Explicar as resistencias contra o cambio en Chile e as loitas a favor visualizando os principais actores desta dicotomía.

A hipótese que se defenderá neste traballo é que as boas estatísticas económicas que se ven en Chile non son fieis a realidade que viven os chilenos e chilenas. Como a cidade de Santiago de Chile, é considerada unha das máis desenvolvidas da rexión pero que sen embargo conta cunhas fortes desigualdades, consecuencia dun sistema profundamente neoliberal.

Concepto de pobreza

A pobreza é un concepto ao que se lle deron ao longo da historia diferentes e moi variadas definicións. A complexidade do termo é que dependendo do punto de vista dende o que se enfoque o estudo, a pobreza pode ter diferentes formas de medirse e interpretarse. A pobreza non sempre ten que ser un baremo exclusivamente económico, tamén pode estar relacionado coa capacidade potencial do desenvolvemento humano, co que se pon o enfoque no individuo e as súas capacidades.

Dende o enfoque económico unha das primeiras definicións modernas sobre a pobreza deuna Adam Smith (1776) que a definiu como unha falta de aquelas necesidades que a costume dun país fai que sexa indecente, tanto para a xente acomodada como para a clase máis baixa, carecer delas.

O economista británico introduce na súa definición a singularidade da pobreza en cada país. Esta singularidade fai que sexa difícil establecer limiares de pobreza a nivel global, xa que por exemplo nun país A ter uns ingresos mensuais de 1.000€ é equivalente a pertencer a clase media, mentres que eses mesmos ingresos nun país B poden supor unha situación de pobreza.

Un recurso empregado polos investigadores é a liña, ou limiar, de pobreza. A liña de pobreza representa un valor monetario no cal se consideran dous compoñentes: o custo de adquirir unha canastra básica de alimentos, e o custo dos demais bens e servizos, expresados sobre a relación entre o gasto total e o gasto en alimentos. A canastra de alimentos constrúese, seguindo as recomendacións internacionais vixentes en materia de enerxía e nutrientes, de maneira que satisfaga os requirimentos calóricos da poboación (CEPAL, 2018). Por exemplo, a ONU estableceu un criterio a nivel global, no que a liña de pobreza extrema equivale a 1\$ diario.

Nos últimos tempos, o concepto da pobreza está evolucionando dende a visión economista até unha perspectiva máis global e realista. E así como xorde o termo de exclusión social. Nas sociedades contemporáneas, pos industriais e globalizadas, abre a vía a consideración doutros mecanismos que deben contemplarse para a valoración dunha situación de carencias limitativas da capacidade dos individuos para formar parte da sociedade (Camacho, 2014).

Así pois, co termo de exclusión social quérese describir “unha situación concreta, resultado dun proceso crecente de desconexión, perda de vínculos persoais e sociais, que fan que sexa moi difícil a unha persoa ou colectivo o acceso as oportunidades e recursos dos que dispón a propia sociedade” (Subirats, 2004: 137). Nesta nova perspectiva colle relevancia o factor do desenvolvemento humano, tradicionalmente eclipsado pola visión exclusivamente económica.

O termo de exclusión social cobra relevancia na actualidade, especialmente na Unión Europea, que no ano 2023 publicou un informe titulado “A loita contra a pobreza, exclusión social e discriminación” (Unión Europea & Makay, 2023). Sen embargo este termo tería unha perda de relevancia na rexión latinoamericana, xa que nesta materia consolidáronse conceptos tales como a vulnerabilidade, risco e protección social (Navarro & Arce, 2016).

A medición da pobreza varía en función da rexión e os criterios que se empregan, por exemplo en España empréganse dous enfoques diferentes sobre a pobreza dados polo

Instituto Nacional de Estadística (INE). O INE recolle entre outros tipos de pobreza os seguintes :

1. Pobreza obxectiva, e dentro deste punto fai unha diferenciación entre a pobreza absoluta, definida como unha situación na cal non están cubertas as necesidades básicas do individuo, é dicir, a carencia de bens e servizos básicos. Esta definición relaciónase coa miseria e debería darse en todos os países ou sociedades. Por outra banda está a pobreza relativa, que sitúa o fenómeno da pobreza na sociedade obxecto de estudo. Nesta visión, considérase pobreza cando unha persoa atópase nunha situación de clara desvantaxe, económica e socialmente, respecto ás persoas do seu entorno. Esta definición relacionaríase máis co concepto de desigualdade.
2. Pobreza subxectiva, coma o seu nome indica, emprega a información sobre as opinións que os individuos e fogares teñen acerca da situación.

Mais para o presente traballo, é máis axeitado empregar criterios da rexión de estudo. Por iso recórrese a Comisión Económica para América Latina e o Caribe (CEPAL), que é unha das cinco comisións rexionais das Nacións Unidas. Ante a multiplicidade conceptista da pobreza, a CEPAL reconece dous métodos para a súa medición (CEPAL, 2018).

- a. O primeiro establécese entre os métodos baseados na insuficiencia de recursos económicos e métodos baseados na combinación de múltiples indicadores ou carencias.
- b. O segundo, abrangue os métodos multivariados que utilizan un conxunto de indicadores que revelan si as persoas alcanzan un limiar axeitado en cada unha das múltiples dimensións da pobreza consideradas na medición.

Se ben a organización realiza diferentes estudos de cada unha das metodoloxías, a predominante e a que se empregara no presente traballo, é a primeira. Así pois, o enfoque da CEPAL é clasificar un fogar e aos seus integrantes como pobres cando o ingreso por persoa é inferior ao valor da liña de pobreza, ou monto mínimo necesario para satisfacer as necesidades esenciais dos seus membros (CEPAL, 2018). É por este motivo, que as

enquisas que se realizaron neste traballo céntranse nos ingresos por persoa, e non por fogar.

A liña de pobreza representa un valor monetario no cal se consideran dous compoñentes: o custo de adquirir unha canastra básica de alimentos, e o custo dos demais bens e servizos, expresados sobre a relación entre o gasto total e o gasto en alimentos. A canastra de alimentos constrúese, seguindo as recomendacións internacionais vixentes en materia de enerxía e nutrientes, de maneira que satisfaga os requirimentos calóricos da poboación (CEPAL, 2018).

Para o caso da cidade de Santiago de Chile, achégase a evolución desta liña de pobreza e pobreza extrema nas áreas urbanas de Chile dende o ano 2000, criterio realizado pola CEPAL e que corresponde aos ingresos mensuais por persoa (Figura 1).



Figura 1: Liñas de pobreza e pobreza extrema nos núcleos urbanos de Chile. Elaboración propia a partir dos datos da CEPAL.

O comezo das desigualdades

Un termo moi relacionado coa pobreza é a desigualdade. A desigualdade, a diferenza da pobreza, é un termo cun compoñente comparativo. Nun contexto global, existe a desigualdade entre os diferentes Estados porque hai Estados con máis riqueza que outros. Agora ben, cando falamos de desigualdades unha pregunta recorrente é sobre a orixe das mesmas, cando e onde xorden estes desequilibrios entre as diferentes rexións do mundo.

Para Allen (2011), a impresión xeral era que a prosperidade dos distintos países era similar arredor do ano 1500. A división actual entre países pobres e ricos aparece a partir de dous feitos clave, a viaxe de Vasco de Gama á India, e a chegada de Cristobal Colón a América.

A partir destes feitos até a actualidade, Allen (2011) divide a historia en tres períodos diferenciados.

O primeiro, chamado a era mercantilista comprendida entre o 1500 e o 1800 aproximadamente. Neste período comezaría a conformarse unha economía global integrada. A industria europea cobrou importancia a costa das distintas colonias. As Américas empregáronse para a explotación e exportación de prata, azucre ou tabaco; os africanos eran transportados a América coma escravos para a produción destes bens; e Asia enviaba a Europa especias, téxtiles e porcelanas.

O segundo período nomeado como a posta ao día, comeza coa Revolución Industrial, xurdida en Gran Bretaña. Este feito consolidou a Gran Bretaña coma o líder industrial sen competidores. Ante esta hexemonía, tanto Europa Occidental coma Estados Unidos, fan prioritario o desenvolvemento económico e procuran alcanzalo mediante catro políticas básicas; a creación dun mercado nacional unificado mediante a eliminación dos aranceis internos e a construción dunha infraestruturas de transportes; a promulgación de aranceis externos para protexer as industrias nacionais; a creación de bancos para estabilizar a moeda e financiar inversións a industria; e o establecemento da ensinanza de masas para mellorar a man de obra.

O último período correspondería coa chegada do século XX, neste período as políticas eficaces nos países europeos resultaron non ter os mesmos resultados nos países que aínda non as desenvolveran. A maior parte da tecnoloxía é creada nos países xa enriquecidos e empregan o capital para aumentar a produtividade da man de obra, cada vez máis cara, o cal non resultaba rendíbel nos países de salarios baixos. Os países que neste período conseguiron reducir o desfase con Occidente o fixeron mediante a industrialización.

Para o caso chileno, a súa entrada no contexto global farase a mediados do século XVI cando se converte, a maioría do seu territorio, en colonia española. Porén podemos dicir que entrou nesta dinámica de globalización nunha situación de desvantaxe.

Metodoloxía

Para abarcar de xeito óptimo os obxectivos deste traballo, elixíronse dous métodos para obter datos sobre Santiago de Chile, os métodos cualitativos e cuantitativos. Así pois, podemos afirmar que o traballo conta con métodos mixtos.

Para os métodos cuantitativos atopamos unha característica baseada no énfase na precisión dos procedementos para a medición. Outra característica deste método é a selección subxectiva dos indicadores a ter en conta (Iñiguez, 2017). Deste xeito, nesta elección subxectiva xorde unha contradición nos cuantitativísimos ao non estudar unha situación na súa totalidade, se non dende unha perspectiva concreta.

Os métodos cuantitativos vincúlanse cos datos estatísticos, os cales son de gran importancia para coñecer a realidade dun conxunto de persoas. É por isto, que se escolleu este método que levou a busca de datos en diferentes plataformas oficiais do país. Seleccionáronse datos publicados polo goberno obtidos dende a páxina web da Biblioteca do Congreso Nacional de Chile, xa que o Instituto Nacional de Estatística chileno non estaba actualizado e non aportaba os datos necesarios. Outra fonte de información foi a Fundación SOL, un centro de investigación e acción que busca xerar coñecemento crítico e accións para as loitas sociais e sindicais. As súas investigacións xiran en torno ao mundo

do traballo, especialmente as pensións, a educación e a disputa capital-traballo. A maiores, engádese a evolución da liña de pobreza marcada na CEPAL para as áreas urbanas de Chile.

A partir destes datos elaboráronse diferentes cartografías do Gran Santiago, así coma gráficos da situación socio-económica da cidadanía. Estas representacións realizáronse a partir do programa de tratamento de datos estatísticos, Microsoft Excel, o cal permitiu ordenar os diferentes datos en follas de cálculo. Unha vez clasificados os datos, realizáronse gráficos, na mesma aplicación, ou exportáronse ao programa QGis, un Sistema de Información Xeográfica libre e de código aberto, o cal fixo posíbel a cartografía da cidade.

Por outra banda, temos os métodos cualitativos. A indagación cualitativa para Mayan (2001), explora as experiencias da xente na vida cotiá, emprégase para comprender con naturalidade os fenómenos que ocorren. Neste sentido, o investigador non trata de manipular ou controlar influencias externas ao deseñar experimentos. Trata de facer sentido da vida cotiá tal como se presenta.

As prácticas cualitativas adquiren maior importancia dende o Pos-modernismo, tempo no que se critican as verdades absolutas e dáselle voz a colectivos e perspectivas que até a data non estiveron representadas. Estes métodos relaciónanse coa subxectividade.

Para a aplicación da metodoloxía cualitativa, realizáronse diferentes enquisas enfocadas en coñecer a visión dos cidadáns santiaguinos respecto aos salarios da cidade. Nestas enquisas participaron 46 persoas, fixéronse de xeito online, contactando con coñecidos de Santiago de Chile, que a súa vez difundiron cos seus contactos da cidade. As enquisas realizáronse mediante o Microsoft Forms, e a partir das respostas dos participantes elaboráronse unha serie de gráficos, elaborados no Excel, e de mapas, elaborados no QGis.

No respectivos as preguntas aos participantes, se lles preguntou se consideraban o salario mínimo do país suficiente para vivir na capital, así como cal sería o salario que eles consideraban necesario para vivir comodamente na cidade. Do mesmo xeito preguntouse cal sería o rango salarial no que unha persoa está en situación de pobreza. A maiores,

preguntouse sobre cales eran as Comunas da cidade, baixo a súa perspectiva, cun poder adquisitivo maior e cales os de peor condición económico-social.

Observarase nas preguntas das enquisas relativas aos salarios en Chile, que céntranse nos salarios por persoa, e non por fogar. Isto débese ao enfoque, mencionado no apartado sobre o “Concepto da Pobreza”, da CEPAL que clasifica a un fogar e aos seus integrantes como pobres cando o ingreso por persoa é inferior ao valor da liña de pobreza, ou monto mínimo necesario para satisfacer as necesidades esenciais dos seus membros (CEPAL, 2018).

A decisión de mesturar estes dous métodos e tratar de comprender do xeito máis completo posíbel a problemática da distribución espacial da pobreza na cidade. Os métodos cuantitativos e estatísticos non sempre son fieis a realidade. De feito, é posible que Chile sexa un dos mellores exemplos desta afirmación, nos meses e anos previos ao Estalido Social, os indicadores económicos e sociais eran dos mellores da súa rexión. Dende un punto de vista cuantitativo o país era óptimo, mais a opinión dos cidadáns non estaba acorde aos datos, e derivou nas protestas masivas e altercados do Estalido Social.

Contexto chileno. A implantación das políticas neoliberais

A evolución do país dende a independencia

A chegada das políticas neoliberais ao país será de forma abrupta durante a Ditadura militar de Pinochet, non se pode entender esta Ditadura sen o revolucionario goberno anterior de Salvador Allende, e a estreita relación de Chile cos Estados Unidos de América. Estes últimos, terán unha forte implicación con todas as recentes Repúblicas dende a doutrina Monroe (1823), na que establecen o principio de “América para os americanos”.

Dende a súa independencia no ano 1818 da Coroa española, foi dos primeiros países da rexión latinoamericana que conseguiu unha estabilidade política. Isto sería froito especialmente da Constitución de 1833 elaborada por Diego Portales.

Con este sistema, Chile consagrárase ao longo do século XIX como unha potencia na rexión do Pacífico. Este progresivo ascenso socioeconómico do país viría acompañado da industria da salitre, mediante a cal converteron a Gran Bretaña nun forte aliado pola exportación da salitre, e espertarían récelo aos Estados Unidos. Este dominio comercial da salitre consagrárase a partir da Guerra do Pacífico (1879-1833), na cal tras vencer a Perú e Bolivia anexionou as provincias de Tarapacá e Antofagasta, territorios de gran importancia pola riqueza da salitre nos mesmos.

Malia todo, a partir da I Guerra Mundial, a industria da salitre quedaría eclipsada pola do cobre, a cal adquiriu unha importancia capital no país. Esta substitución da salitre polo cobre, implicaría tamén un cambio nos aliados comerciais de Chile, cambiando a Gran Bretaña polos Estados Unidos de América. A crise froito do Crack do 1929 asestaría un golpe moi duro a economía chilena, que sobre pasou a crise a base de pedir créditos a bancos norteamericanos. Isto sumado a factores tales como (Bernal-Meza, 1996):

- a. Apertura do Canle de Panamá no 1914, o cal substituíu a Valparaíso coma o principal porto do Pacífico.
- b. As grandes inversións norteamericanas na industria do cobre.
- c. A Lei Federal de Bancos dos Estados Unidos de 1914, que permitía aos bancos norteamericanos abrir sucursais no exterior.

Provocaría que as relacións con Estados Unidos pasaran da rivalidade no século XIX a dependencia no século XX.

A nivel político, o enfrontamento das masas populares contra a oligarquía chilena provocaran que no ano 1925 se promulgue unha nova Constitución, a cal incorporará a cidadanía ao sistema político. Durante as seguintes décadas sucederanse gobernos de diferentes tipos, mais a partir da Revolución Cubana, a cidadanía comezará a concibir os cambios políticos, económicos e sociais dende perspectivas máis revolucionarias.

Esta visión sería a que acabaría levando ao poder, no ano 1970 ao primeiro presidente socialista do mundo electo democraticamente, Salvador Allende, baixo a alianza de partidos esquerdistas Unidade Popular.

O Goberno da Unidade Popular (1970-1973)

Coa investidura de Salvador Allende coma presidente de Chile en novembro de 1970, iniciouse no país o máis ambicioso proceso de cambios sociais, económicos e políticos na historia do país. A maiores, fixo historia ao converterse no primeiro mandatario socialista que chegaba ao poder por vía democrática, así como tamén o primeiro en tentar a transición ao socialismo de xeito pacífico no que se denominou coma a vía chilena ao socialismo.

O programa básico de goberno contemplaba a construción dun Estado Popular e unha economía planificada, maioritariamente estatalizada. Foi durante este goberno a aprobación no Congreso, sen oposición, a lei de nacionalización do cobre, mais as aspiracións de nacionalizar empresas da Unión Popular non se limitaban ao sector do cobre. Se no respectivo ao cobre non houbo oposición algunha, si que houbo para o resto de grandes empresas. E entón cando o goberno de Allende decide aproveitar un vixente decreto esquecido por moitos, promulgado durante a breve República Socialista de 1932. Este decreto permitiu ao goberno expropiar case calquera industria considerada estratéxica para a economía. A maiores da expropiación, empregouse o sistema de compra de accións para controlar case o 80% das industrias e un número importante de bancos (Corvalán, 2003.).

No sector agrario profundouse a reforma agraria, comezada polo goberno de Jorge Alessandri e acelerada por Eduardo Frei, con Allende conseguíronse máis de 4.400 expropiacións de facendas e outras 2.000 máis efectuadas polos propios traballadores. Na área da saúde mellorouse o equipamento dos hospitais e estableceuse un programa de distribución ½ litro de leite a cada neno. Na educación impulsouse a ensinanza preescolar, básica e industrial, a maiores de ampliarse o acceso a universidade. En materia escolar, levouse a cabo un ambicioso proxecto, a Escola Nacional Unificada, que pretendía unha transformación integral na educación chilena para facela permanente (dende preescolar e durante toda a vida), democrática, participativa, pluralista e acorde coas necesidades do país (Harmer, 2013)

O gasto social provocou un déficit nos recursos fiscais que o goberno tentou solucionar mediante a emisión monetaria fiscal. Isto provocou un proceso de inflación agravado polos severos problemas de abastecemento, acaparamento e sabotaxe empresarial. Ligado a isto, sumouse unha forte oposición do Partido Nacional, ao que pronto se lle uniu a Democracia Cristiana, quen nun primeiro momento apoiara a Allende. Ademais súmanse o rexeite de gremios de médicos, comerciantes ao por menor, camioneiros e mineiros. No interior do propio goberno tamén xorden divisións entre os sectores máis radicais, partidarios de acelerar e profundar o proceso revolucionario, e os sectores que pretendían consolidar o proceso (Harnecker, 1998).

Dada a crise no país, a oposición puxo todas as súas esperanzas nas eleccións parlamentarias de marzo do ano 1973, confiando en que a delicada situación económica, social e política do país, lles permitira obter máis dos dous terzos necesarios no Congreso para actuar contra Allende. Mais os resultados foron sorprendentemente favorábeis ao presidente. Os candidatos da Unidade Popular obtiveron o 43,3% dos votos, subindo sete puntos respecto aos resultados de 1970. Pola súa banda, o Partido Comunista obtivo a máis alta votación histórica cun 16% dos votos (Corvalán, 2003).

Estes inesperados resultados electorais nas parlamentarias de 1973 consolidaron a opción do Golpe de Estado nalgúns sectores da oposición. A finais de xuño do mesmo 1973, un falido golpe de estado fixo claro para Salvador Allende que só un contundente apoio popular daría viabilidade ao seu goberno. A súa idea era convocar un plebiscito, idea que nunca chegaría a efectuarse xa que o 11 de setembro dese mesmo ano, un golpe de Estado das forzas armadas lideradas por Augusto Pinochet daría fin tanto ao goberno da Unidade Popular, coma a vida de Salvador Allende (Memoria Chilena: Portal, s. f.).

Dende o momento no que Salvador Allende tomou o cargo presidencial, a política norteamericana tivo dúas caras; unha diplomática, formal, cunha severa restrición na axuda externa; e outra dunha gran actividade encuberta. Nesta última incluíronse financiación a partidos políticos da oposición, campañas de propaganda contraria ao goberno e apoio a organizacións do sector privado. Paralelamente incrementouse a axuda militar, un nexo que sería clave non só no derrocamento de Allende, se non tamén durante a ditadura de Pinochet (Bernal-Meza, 1996).

A ditadura de Pinochet (1973-1990)

O asasinato de Salvador Allende o 11 de setembro de 1973 simbolizou o triunfo do golpe de Estado e a finalización da experiencia socialista en Chile. Da comezo a ditadura militar, tras o bombardeo do Palacio da Moeda, o poder foi asumido por unha Xunta Militar de Goberno liderada por Pinochet, sendo nomeado Xefe Supremo da Nación en xuño de 1974, e en decembro dese mesmo ano Presidente da República (Memoria Chilena: Portal, s. f.). A ditadura que se estendería dezasete anos, caracterizouse polo quebrantamento do sistema democrático e a disolución do Congreso Nacional, a proscrición dos partidos políticos, a restrición dos dereitos civís e políticos, e a violación sistemática dos dereitos humanos. Baixo o seu goberno deuse inicio a un proceso de profunda transformación económica e social (Memoria Chilena: Portal, s. f.).

A ditadura militar comezada atopou no antimarxismo o apoio inicial dunha ampla alianza política e social contrarrevolucionaria. Do mesmo xeito, despegou un contundente aparato represivo contra os sectores esquerdistas, anulando así a súa forza, organización e presenza pública. A violencia a gran escala foi un elemento característico na implantación ditatorial e con profundas consecuencias na orde social chilena. Mais o aspecto máis destacado da ditadura foron as reformas económicas radicais de libre mercado implantadas dende o 1975, medidas que serían entendidas como neoliberais e que impactaron con moita forza no emprego, tamaño do Estado, fisionomía do mercado interno, estrutura produtiva e os equilibrios macroeconómicos (Casals & Estefane, 2021).

No citado ano 1975, o réxime inclinaríase pola coñecida como “política de shock”, co obxectivo de estabilizar a economía e sentar as bases para unha reestruturación xeral do país. Isto foi posíbel pola aparición nos poderes económicos da ditadura dos “Chicago Boys”, un grupo de economistas da Universidade Católica con estudos de postgrao na Universidade de Chicago. Influenciados polas ideas liberais adquiridas en norte

América¹, levan a cabo un plan radical de contracción do gasto público e liberalización do gasto público e liberalización de controis de prezos e arancelarios co fin de diminuír a inflación e fomentar a reactivación (Casals & Estefane, 2021).

Mediante un plebiscito no ano 1980, apróbase a nova Constitución Política, que asentou no país os principios do novo modelo económico dos “Chicago Boys” de corte neoliberal, e establecía a maiores que Pinochet continuaría na presidencia por un novo período de oito anos (Vasconcelos, 2020).

Nunha entrevista no ano 2010 para a revista *Perfiles Latinoamericanos*, cando se lle preguntou ao sociólogo Tomas Moulián como se levou a cabo o programa neoliberal en Chile, este responde. “Este programa ten unha condición política: a existencia dunha ditadura” e continua “Non se sabe se tamén se houbera podido desenvolver o capitalismo dun modo tan profundo en Chile sen ese programa liberal e sen esa ditadura, pero o feito foi que instaurou un orde capitalista que alcanza certa profundidade” (Carrillo Nieto, 2010).

O certo foi que Augusto Pinochet permitiu implantar en Chile un experimento neoliberal no contexto da rexión latinoamericana, e asentou dito experimento na Constitución de 1980, un texto que pola súa complexidade resulta difícil modificar. Algúns datos de relevancia deste período neoliberalista son apuntadas por Pozo Cisternas (2021):

- I. Das 400 empresas públicas que existen no ano 1973, para 1980 quedan só 15, as que son adquiridas por novos grupos que as mercan con créditos emitidos polas súas propias entidades financeiras. Nas décadas posteriores, estas empresas fúsiónanse xerando oligopolios.
- II. Privatízanse dereitos sociais, tales coma a saúde, educación, medio ambiente, vivenda e traballo. Este feito orixina unha segregación social que moitos tratan de paliar con débedas a través de créditos bancarios.
- III. Na educación impúlsase a descentralización, traspasando institucións públicas dende o Estado aos municipios. O financiamento cede en favor

¹ De feito, Milton Friedman, o pai do neoliberalismo viaxaría persoalmente a Chile, que foi o seu gran laboratorio para as súas ideas, as cales logo aplicarían Reagan e Thatcher.

do sector privado. Nas universidades desarticúlase a política pechando carreiras e expulsando a académicos. No ano 1981, coa lei xeral de universidades, comeza o proceso de privatización das mesmas.

- IV. No campo da saúde, créanse en 1981 as Institucións de Saúde Provisionais (ISAPRE), un sistema de financiamento privado pioneiro no mercado lucrativo da saúde.
- V. En canto a previsión social, elimínase o sistema colectivo de reparto de beneficios substituído pola capitalización individual, na cal os traballadores a maiores de cotizar, pagan comisións a Administradoras de Fondos de Pensións (AFP) privadas.
- VI. Na economía, permítese a entrada des regulada do capital externo e se fortalecen as importacións, ademais de elevar as taxas de interese e baixar fortemente o gasto público.
- VII. Co Plan Laboral creado en 1979, e que continúa na actualidade, redúcense os salarios e dereitos laborais, autorízanse os contratos temporais e de tempo flexible, quítaselle forza aos sindicatos e prohíbese a folga. Aparecen a inestabilidade e incerteza, xa que as empresas crean estratexias para culpar aos traballadores polos custos por variacións da demanda.

Mentres tanto, se ben dende Washington observouse con satisfacción os acontecementos ocorridos o 11 de setembro do 1973, pouco a pouco o impacto internacional da política sistemática de violación dos dereitos humanos e civís aplicada polo goberno militar chileno provocou unha crecente incomodidade na Casa Branca (Bernal-Meza, 1996).

A administración Carter (1977-1981) supuxo un duro re axuste nas relacións bilaterais, Washington pasou a ser un obstáculo para as relacións bilaterais chilenas coa súa política de defensa dos dereitos humanos. Así, o réxime militar perdería un apoio esencial na etapa de instalación da ditadura. Ca chegada de Ronald Reagan en 1981, levantouse a prohibición imposta por Carter ao outorgamento de créditos de Eximbank para financiar exportacións norteamericanas a Chile, así coma, modificouse o voto negativo que E.E.U.U. mantivo en relación aos créditos para Chile no Banco Mundial e no Banco Interamericano de Desenvolvemento. Así pois, considérase que Washington adoptou

unha “diplomacia silenciosa” para exercer presión ao goberno militar de Santiago e optar por unha transición democrática pacífica (Bernal-Meza, 1996).

Dende 1983, comezou unha forte oposición ao réxime culminarían no plebiscito de 1988, onde se votaba entre o SI, para a continuidade da ditadura, e o NON, para buscar unha saída democrática. A consulta culminou coa vitoria da opción democrática, e como consecuencia realizouse un novo plebiscito en 1989 que tivo como obxecto a reforma da Constitución para garantir a futura gobernabilidade democrática. Este proceso de transición culminou coas eleccións presidenciais e parlamentarias de decembro de 1989.

Transición democrática e actualidade

Tras as eleccións de 1989, en marzo do 1990 asume o cargo de Presidente da República Patricio Aylwin Azócar, da coalición de centro esquerda, Concertación de Partidos pola Democracia. A pesar do fin da ditadura, a obtención da Presidencia e a maioría de votos no Congreso Nacional, a Concertación deberá afrontar diferentes obstáculos políticos e institucionais para a restauración do sistema democrático. Neste momento, Augusto Pinochet aínda seguía sendo o Comandante en Xefe do Exército, os enclaves autoritarios da Constitución de 1980 e a defensa férrea dos partidos de dereitas dificultan esta transición democrática (Biblioteca del Congreso Nacional de Chile, s. f.-b).

Para solucionar este conflito entre as demandas cidadáns e as limitacións políticas desembocou na chamada “democracia dos acordos”, onde se buscaron consensos políticos entre a Concertación e a dereita en lugar dunha confrontación directa. Esta estratexia permitiu dar estabilidade ao proceso da transición, integrar a dereita no xogo democrático e manter aos militares nas súas actividades profesionais, ao mesmo tempo que facer avances nas reformas democráticas dun xeito gradual e moderado (Arcaya, 1999).

Durante os anos seguintes a volta da democracia, haberían iniciativas moi importantes no referente aos Dereitos Humanos, coma a redacción do Informe Rettig (1991), o cal

desvela os asasinatos e desaparicións de persoas durante da ditadura, ou a derogación da pena de morte (2002). No ámbito civil tamén houbo avances coma a igualdade xurídica entre homes e mulleres (1999) ou a lei do divorcio (2004). Así mesmo firmáronse numerosos tratados económicos internacionais, nos cales destacan os tratados de libre comercio con Centro América ou a Unión Europea, así como a incorporación ao Foro de Cooperación Económica de Asia Pacífico (APEC) e o Mercado Común do Sur (MERCOSUR). Hai un avance significativo nas obras públicas que elevará os índices de crecemento económico (Campero & Cortázar, 1988).

Mais neste clima de avance hai un punto de inflexión no ano 1998. Neste ano, Pinochet deixou o mando das Forzas Armadas, e tal e como viña marcado na Constitución de 1980, ese mesmo ano asumiu o cargo de Senador Vitalicio, un feito que xerou moita controversia e protestas na sociedade chilena. En outubro dese mesmo ano, nunha viaxe en Londres sería detido por unha orde de captura emanada polo xuíz español Baltasar Garzón. En vista do seu delicado estado de saúde, o Ministro de Interior británico libérao en marzo do ano 2000 por razóns humanitarias. De volta en Chile enfrentou un proceso penal polo caso da Caravana da Morte, proceso que sería sobresaído por razóns de demencia senil no 2002, e deixado sen efecto no ano 2005. No mesmo 2005 novamente sería procesado polo caso Operación Colombo, mais a súa morte en 2006 deixaría aos chilenos sen a posibilidade de someter ao ditador a xustiza (Arcaya, 1999).

Baixo a presidencia de Ricardo Lagos, no 2005, aprobouse o maior número de modificacións a Constitución de 1980, con 58 reformas. As reformas restaban poder as Forzas Armadas, aumentaban a capacidade do Congreso e permiten profundas emendas a institucións coma o Tribunal Constitucional e o Consello de Seguridade Nacional. Reduciuse de 6 a 4 anos sen reelección inmediata o período presidencial, elimináronse os senadores designados e vitalicios, aumentáronse as facultades fiscalizadoras na Cámara dos Deputados, pónse fin a función das Forzas Armadas de ser “garantes da institucionalizade” e os comandantes en xefe das Forzas Armadas e da Orde xa non son inamovíbeis dos seus cargos, quedando baixa a autoridade discrecional do Presidente da República (Walker, 1992).

No seo da Concertación aparecen divisións internas, que sumados a escándalos de corrupción desembocan na derrota nas eleccións presidenciais do ano 2009 ante o candidato dereitista Sebastián Piñera, candidato da Coalición polo Cambio, poñendo así fin ao goberno da Concertación de Partidos pola Democracia. O goberno de Piñera verase afectado polo terremoto do ano 2009, e pese ao crecemento económico e o viraxe cara o centro dereita, o goberno enfróntase a protestas sociais onde a cidadanía expresa as novas demandas sociais. Isto provocou que o goberno de centro dereita non puidera proxectar o seu goberno e perdera as eleccións presidenciais do ano 2013 fronte a Michelle Bachelet, candidata dunha nova alianza política que inclúe a ex Concertación, na Nova Maioría. A candidata formulou tres grandes reformas: tributaria, na educación e unha nova Constitución Política. Sen embargo, o centro dereita consegue organizarse na coalición Chile Vamos, liderados novamente por Sebastián Piñera e gañan as eleccións do ano 2017. Será o presidente Piñera quen estaría no poder durante o Estalido Social do ano 2019 (Biblioteca del Congreso Nacional de Chile, s. f.-b).

Santiago de Chile

O Estalido Social como resistencia ao neoliberalismo

Como se expuxo no contexto chileno, para o ano 2019 aínda continuaba vixente a Constitución de 1980, redactada e aprobada en ditadura. A Constitución mantíña en Chile un sistema neoliberalista, implantado tamén durante a ditadura de Pinochet.

Dende a chegada da democracia, Chile converteuse nun referente na rexión latinoamericana. Para o ano 2018 mellorou nas estatísticas económicas considerabelmente respecto ao 1990. A pobreza reduciuse dun 39% a un 8,6%, o PIB real pasou de 42.075,7 millóns de pesos chilenos en 1990 a 153.919,3 millóns de pesos chilenos no ano 2018, e incluso houbo un aumento nos ingresos do 10% máis pobre (CEPAL, Banco Mundial). Sen embargo, hai unha estatística que non tivo a evolución das demais, falamos do Índice de Gini, que para o 1990 era dun 0,54 e no 2018 dun 0,45,

o cal reflexa unha das peores distribucións de ingreso do mundo (Waissbluth, 2020). Na actualidade o Índice de Gini² do país é dun 0,43 (Índice de Gini 2023, s. F.).

Para Waissbluth (2020), esta cifra débese a que Chile é un dos únicos países da OCDE no cal a distribución de ingresos antes e despois dos impostos é practicamente igual. Os ricos en Chile pagan moito menos porcentual mente que as clases máis baixas, tanto polas fórmulas tributarias como polas diversas exencións e as numerosas posibilidades de evasión a súa disposición. Como apunta este autor, o que as estatísticas mostran é que as clases populares non tiñan a capacidade económica de aforrar, os salarios do país unicamente permitían chegar a fin de mes.

O profesor da Universidade Autónoma de Baixa California, César Jiménez-Yáñez (2020) engade ao anterior datos sobre Chile, como que “é o país máis caro de toda América Latina no referente a servizos públicos; é un dos 10 países do mundo co transporte público máis caro; a educación superior é das máis caras do planeta e é o único país latinoamericano onde todas as universidades son de pago, sen considerar os custos adicionais do material escolar”. Agrega a maiores que “os medicamentos en Chile teñen o valor máis alto de América Latina e nun sistema de saúde pública (“privatizada”) que cobra como mínimo entre o 10% e o 20% do custo de calquera atención médica”. Recalca o sistema de pensión que só pode garantir o pago da metade do salario. Conclúe afirmando “por estas circunstancias é que a percepción da maioría dos chilenos séntense vulnerados por unha sociedade na cal a clase política e empresarial, aproveítanse da cidadanía” (Jiménez-Yáñez, 2020, p. 3).

Dada esta situación de precariedade, a saúde mental dos chilenos e chilenas veuse deteriorada considerabelmente nos anos anteriores ao estalido social. O estudo de Chile Saudable (2016), revela que a porcentaxe de cidadáns con estrés pasou dun 22% en 2012 a un 42% en 2016, é dicir, duplicouse en catro anos. Seguindo a OMS, os custos asociados aos trastornos mentais abranguen entre o 3 e o 4 por cento do PIB, isto vinculado a que máis dun millóns de chilenos sofren ansiedade e cerca de 850 mil padecen depresión, un dos máis altos a nivel mundial. Chile é o segundo país da OCDE que máis aumentou a

² Un coeficiente do 0 ao 1 que mostra as desigualdades dentro dun país, sendo 0 a igualdade perfecta na cal todos teñen os mesmos ingresos, e 1 a desigualdade máxima.

taxa de suicidios durante os últimos 15 anos, chegando a duplicar a cifra en 20 anos (Pozo Cisternas, 2021).

En Chile aconteceu, que na transición democrática mantivéronse as bases da orde político-constitucional e mesmo lexitímanse. A idea era manter ao cidadán des politizado e crendo no ideal tecnocrático (Pozo Cisternas, 2021). Así en Chile, en vez de falar dun Estado do Benestar, falamos dun Estado subsidiario, o cal determina que ao Estado non lle corresponde absorber aquelas actividades desenvolvidas por particulares, esta forma estatal caracterízase por fomentar a participación privada en todas as esferas na vida cotiá (Estado Subsidiario, 2024). Esta actuación estatal non é ben acollida polos cidadáns, que o ven como unha herdanza da ditadura.

O Estalido comeza a principios do mes de outubro do ano 2019 en Santiago de Chile, o goberno de Sebastián Piñera anunciou a subida do prezo do metro, un aumento de 30 pesos chilenos (equivalente a menos de 5 céntimos). Isto foi a chispa que provocaría o comezo das revoltas. O día 14 de outubro, estudantes secundarios e universitarios organizáanse para evadir masivamente o metro en Santiago baixo o lema “Evade”. A maioría dos protestantes son mulleres. Estas manifestacións radicalízanse e acaban en enfrontamentos cos Carabineiros .

Nos días seguintes, as protestas escalan e comeza a destrución do mobiliario urbano acompañadas de enfrontamentos directos entre Carabineiros e manifestantes. Reportáronse até 136 estacións de metro atacadas e polo menos dezaseis buses incendiados, a maiores quéimanse diferentes edificios simbólicos como o da compañía ENTEL e unha sucursal do Banco de Chile. En vista dos altercados, a primeira reacción do presidente Piñera foi decretar o Estado de Emerxencia e un toque de queda nas principais cidades do país. Do mesmo xeito, da marcha atrás a alza dos pasaxes do metro e chama ao diálogo para resolver a situación.

Pese ao intento de acercamento, as protestas non cesan, o que fai que o presidente cambie o seu discurso radicalmente afirmando que “Estamos en guerra contra un inimigo poderoso, implacable, que non respecta a nada nin a ninguén e que está disposto a usar a violencia e a delincuencia sen ningún límite”. Este cambio discurso ven motivada pola

evidencia de que as protestas non son unicamente contra o metro, nin unicamente contra o goberno chileno, se non contra o sistema no seu conxunto. Comezan así a aparecer pancartas e pintadas nas rúas coa frase “Non son 30 pesos, son 30 anos”. Esta célebre frase mostra o descontento do pobo chileno contra un modelo económico e social implantado en ditadura, aceptado en transición e validado en democracia (Jiménez-Yáñez, 2020).

Nas seguintes xornadas, aparecen as primeiras mortes entre os manifestantes. A dureza das respostas por parte de Carabineiros lembran aos cidadáns os tempos da ditadura, e aparecen as primeiras denuncias por abusos policiais e violacións contra os dereitos humanos. Para tratar de frear o movemento, o goberno anuncia un paquete de medidas sociais, que inclúe a alza das pensións máis baixas e a conxelación das tarifas de electricidade. Pero o descontento persiste e os sindicatos chaman a folga xeral ao mesmo tempo que se continúan denunciando abusos policiais e mesmo casos de tortura. Dada a situación, o presidente anuncia un plan para por fin ao toque de queda e ao Estado de emerxencia. Neste contexto, chégase ao día 25 de outubro (Waissbluth, 2020)..

O luns 25 de outubro do 2019, é un día que perdurará na memoria chilena xa que realizouse a marcha máis grande da historia do país. En Santiago, concretamente en Praza Italia (Providencia), rebautizada durante o Estalido como Praza Dignidade, concéntranse até 1.200.000 persoas baixo o lema “Chile espertou”. Nesta manifestación, pedíase un país digno e aparece a reivindicación dunha nova Constitución. En resposta a esta manifestación, o presidente Piñera levanta todos os estados de emerxencia do país. O día 30 deste mes, debido a grave situación do país, o presidente anuncia que Chile non será a sede do Foro de Cooperación Económica Asia-Pacífico (APEC), nin da Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP25), tal e como estaba previsto.

A comezos de novembro, o día 10, Sebastián Piñera anuncia o inicio dun proceso para establecer unha nova Constitución no país, que recibiu o nome de “Congreso Constituínte”. Cinco días despois, o goberno e a oposición uníronse nun acordo histórico para a realización dun plebiscito, no cal os cidadáns decidirían se queren unha nova Constitución. Dito plebiscito levaríase a cabo en abril do 2020.

A partir deste momento, se ben as protestas continúan, son de menor alcance. Nun nivel académico o Estalido Social limitaríase ao mes de outubro, que se ben é certo foi o mes de protestas e mobilizacións máis fortes, o movemento non cesa en novembro se non que continuará.

No marco político, o Estalido puxo contra as cordas ao goberno de Piñera e debilitou a súa coalición dereitista. Como consecuencia das protestas, aflorou unha forte rivalidade no espazo da centrodereita, espazo no que certos sectores avogaban polo acercamento pragmático ao centro, mentres que outros eran partidarios dunha radicalización. O período post-estalido tampouco foi sinxelo para as forzas de centreesquerda, se non que serviu para afondar as disputas internas. As discrepancias xurdían ao momento de avaliar, non só as causas das revoltas, se non se lexitimar o uso da violencia por parte dos manifestantes e o papel das forzas de seguridade (Meléndez, 2020).

Nun contexto de enfaixamento das protestas e de debilidade política, chegaría a pandemia da COVID-19 a Chile en marzo do ano 2020. A chegada da pandemia eclipsou o optimismo co que a sociedade recibía o novo ano e implicou unha constante preocupación polo sistema de saúde do país e o seu potencial colapso, así como unha profunda crise económica relacionada coa implantación de políticas de confinamento. O plebiscito foi posposto para outubro do 2020.

No plebiscito, tal e como se planeou, buscaba resolver dúas preguntas; a primeira, se os cidadáns chilenos querían unha nova Constitución, cuxa resposta era o Aprobo ou o Rexeite; e a segunda, que tipo de órgano debería redactar a nova Constitución, unha Convención Mixta Constitucional, é dicir unha convención integrada en partes iguais por membros electos para a mesma e parlamentarios e parlamentarias, ou unha Convención Constitucional, na cal os seus integrantes serían electos integramente.

A consulta electoral realizada o 25 de outubro, foi unha xornada histórica cun 50,9% de participación cidadá, pese ao contexto da pandemia e crise sanitaria. Os resultados deron a vitoria a opción do Aprobo, cun 78,87% dos votos, mentres que na opción do órgano encargado de redactala recaeu sobre unha Convención Constitucional, cun 78,99% dos votos (Santander et al, 2022).

Para o ano seguinte, as eleccións presidenciais confirmarían o baixo apoio popular ao goberno. Na primeira volta presidencial, os dous candidatos máis votados foron o ultra dereitista José Antonio Kast, cun 27,91% dos votos, e Gabriel Boric, candidato de esquerdas, cun 25,82%. A segunda volta das eleccións foi a máis participada na historia de Chile con máis de 8 millóns de votos e deu a vitoria a esquerda, da man de Boric cun 55,87% dos votos, quen no seu primeiro discurso como presidente emularía ao presidente Allende afirmando que “estamos abrindo de novo as grandes alamedas”.

Xa con Boric na presidencia, o 4 de setembro do ano 2022 celebrouse o Plebiscito Constitucional no que o electorado debía manifestar o seu Aprobado ou Rexeite ao novo texto Constitucional elaborado pola Convención Constitucional. O texto, foi redactado por unha ampla maioría progresista e as eleccións dos encargados da redacción da mesma deixaron claro a ruptura política do post-estallido, xa que dos 155 membros da Convención, 103 non tiñan militancia na política tradicional (Titelman, 2022). Como se pode esperar, o texto Constitucional tivo un carácter claramente progresista, suporía un cambio radical coa Constitución vixente e daría un viraxe completamente novo ao país. Mais nesta ocasión o Rexeite vencería co 61,86% dos votos, o que supuxo un duro golpe para a cidadanía que vía frustradas as reivindicacións de outubro do 2019.

En decembro do ano 2023, volvía a realizarse unha nova proposta dun texto Constitucional, esta vez redactado por unha maioría conservadora na Convención. Os resultados, novamente desembocaron nun Rexeite, cun 55% de votos desconformes coa proposta. Así, quedou aparcada a cuestión Constitucional no país.

Características territoriais e administrativas

Chile divídese en 16 Rexións (Figura 2), cada unha das cales ten un Gobernador Rexional electo democraticamente por sufraxio popular directo (De Relaciones Exteriores de Chile, s. F.). Por debaixo da Rexión, está a Provincia, e por debaixo da mesma a Comuna. As tres conforman a división político-administrativa do país.

A capital do país sitúase na Rexión Metropolitana, administrativamente esta divídese en 6 Provincias e 52 Comunas. Seguindo os datos do INE, a poboación da Rexión en 2017³ cifra en 7.112.808 habitantes, cunha densidade de 461,77 habitantes por quilómetro cadrado.

Como xa comentamos, a Rexión Metropolitana consta de 6 Provincias. Neste traballo centrarémonos na Provincia de Santiago, composta por 32 Comunas (Figura 3), a cal concentra o 78% da poboación rexional e corresponderíase coa cidade de Santiago de Chile.

Dentro do contexto da rexión latinoamericana, a expansión urbana levaría un certo retraso respecto a Europa. Cando unha cidade medra, tenden a aparecer nas mesmas as diferenciais sociais que o territorio fai visíbeis. No caso de Santiago de Chile, a expansión urbana produciríase durante o século XX.

³ Últimos datos dispoñíbeis do INE.



Figura 2: Rexións de Chile. Elaboración propia.




Figura 3: Provincias e Comunas da Rexión Metropolitana. Elaboración propia.

Segregación socio residencial

O concepto segregación ven do verbo segregar, cuxos sinónimos serían separar, marxinar ou apartar. No caso que nos acontece, os sinónimos máis acertados serían os últimos dous, marxinar e apartar. Aplicado ao urbanismo da cidade, neste caso Santiago de Chile, entendemos a segregación socio residencial no fenómeno que acontece nas cidades, as cales separan as clases sociais por barrios. Esta segregación é común en todas as cidades do mundo, mais acentúanse nalgunhas rexións en particular.

A tendencia dos grupos sociais a separarse sobre o espazo é un dos feitos máis característicos do proceso urbanístico contemporáneo. Este fenómeno interpretouse ao longo da historia como a evidencia territorial das desigualdades sociais. Para Sabatini (2022), a capacidade de escolla dun lugar de residencia ven marcado por dous factores: a renda dos fogares, e os prezos do solo e a vivenda. Ben é certo, que a segregación non

sempre ven marcada pola renda económica, hai outros factores a ter en conta coma a orixe, a raza, a etnia ou a idade. Do mesmo xeito, cando falamos do continente americano hai que incluír, as tradicionais, unha nova forma de discriminación, a dos pobos orixinarios. Este colectivo cobra especial relevancia en Chile coa cuestión dos Mapuches, que son dentro de Chile o pobo orixinario maioritario entre a poboación e o máis conflitivo polas súas demandas ao Estado chileno, entre as que cabe mencionar a independencia xudicial e a soberanía da rexión da Araucanía.

A segregación provoca movementos de poboacións dentro da cidade. Para Ortiz y Escolano (2008), as migracións residenciais interurbanas conforman un dos compoñentes fundamentais nos procesos de reestruturación urbana. Para América Latina, a fragmentación territorial e segregación social nas cidades sorprende pola súa magnitude e forza.

Para o caso de Santiago de Chile, a segregación urbana caracterizouse dende mediados do século XX por unha polarización dos estratos medios-altos e altos no sector nororiente da cidade, e pola aglomeración dos estratos máis baixos no sector sur e poñente. A cidade está fortemente segregada en termos socioeconómicos, este feito percíbese tanto a nivel de ingreso coma na calidade das infraestruturas básicas e servizos públicos (Ortiz & Escolano, 2008).

A poboación de máis alto *estatus* abandonou rapidamente o centro da cidade produto de factores tales como a contaminación acústica, atmosférica e paisaxística. A este feito súmase a Política Nacional de Desenvolvemento Urbano do ano 1979, esta medida consideraba que o solo non era un recurso escaso e que o desenvolvemento urbano debíase dar nun marco de economía social do mercado e que as iniciativas da mesma debían de ser privadas. A normativa repercutiu na diferenciación interna da cidade, debido a que as empresas inmobiliarias construíron vivendas dirixidas aos estratos superiores da demanda no proceso de urbanización (Ortiz & Escolano, 2008).

Vinculada a esta normativa, durante a ditadura militar levouse adiante un programa de “erradicacións e radicacións forzadas” o cal basicamente permitía as Comunas con maiores recursos económicos eliminar os asentamentos informais baixo a súa xurisdición

administrativa. Esta acción provocou que máis de 112.000 persoas foran expulsadas das súas Comunas e re dirixidas a outras de niveis socio-económicos máis baixos (Ortiz & Escolano, 2008), un feito que axudou a acentuar esta segregación urbana.

Seguindo nas migracións interurbanas, Ortiz y Schiappacasse (1997) estableceron que entre os anos 1987 e 1992, é dicir entre o final da ditadura militar e a democratización do país, realizáronse máis de 800.000 desprazamentos intre comunais. Do mesmo xeito, apenas unha década máis tarde, Ortiz y Escolano (2004) rexistraron máis de 900.000 movementos no interior da Rexión Metropolitana no período de 1997 a 2002.

Políticas Urbanas de Chile

As políticas urbanas son as, teoricamente, responsables de corrixir as dis funcionalidades que podan aparecer nas grandes cidades. Decía Ildefonso Cerdá, enxeñeiro catalán e deseñador do ensanche de Barcelona, respecto aos urbanistas que “Nunca deben deixar de procurar que na urbe proxectada, teñan as familias de todas as clases sociais casas ou habitacións axeitadas a súa maneira de ser, de vivir, e de funcionar” (Cerdá, 1867). Mais este punto de vista do que poderíamos catalogar como urbanismo democrático non foi sempre aceptado por todos os urbanistas.

O impulsor do primeiro plan de transformación urbana en Santiago, Benjamín Vicuña Mackenna, na década de 1870 buscaba máis ben o contrario do seu coetáneo Cerdá. O chileno propugnaba unha diferenciación dentro da cidade entre “o Santiago propio, a cidade ilustrada, opulenta, cristiá” e os “suburbios”, definidos polo mesmo intendente coma “inmensa cloaca de infección e vicio, de crime e peste, un verdadeiro protreiro da morte” (Vicuña Mackenna, 1872, visto en Sabatini 2022).

Neste punto de vista das elites chilenas, e doutras cidades latinoamericanas, pode verse o afán das dos grupos sociais máis altos de diferenciarse dos demais a partir da construción dunha cidade a imaxe das grandes metrópoles europeas, na cal excluíanse aos grupos sociais máis desfavorecidos (Sabatini, 2022).

Xa en tempos da ditadura e implantación do sistema neoliberal xorde a Política Nacional de Desenvolvemento Urbano de 1979 mencionada anteriormente. Esta mesma política non só estableceu o dominio do sector privado, se non que tamén determinou a área de expansión da mesma. En 1960 o Plan Regulador Intercomunal (PRIS) fixo a zonificación dos usos do solo e determinouse en 36 mil hectáreas a superficie urbana e definiu o límite urbano. Coa política do 1979 as áreas con superficie urbana aumentaron 64 mil hectáreas. Neste sentido, a expansión apuntaba cara as periferias na lóxica da liberalización e privatización (Münzenmayer, 2017). A expansión non se freara nese ano, xa en democracia, no ano 1997 duplícase a área urbana a 85 mil hectáreas, que en 2003 se converterían en 120 mil hectáreas de expansión.

Mais é certo que houbo intentos dende as políticas urbanas para solucionar o déficit de habitacións. En Santiago desenvolveuse a partir dos anos oitenta a política de financiamento da vivenda social do Ministerio da Vivenda e Urbanismo, o cal posibilitou a construción de máis de 200.000 unidades de vivenda entre 1980 e o 2000. O mecanismo desta política denominouse o subsidio de habitacións, o cal consiste nun subsidio a demanda cas empresas inmobiliarias captan a través da construción e oferta de vivendas para fogares do primeiro e o segundo *quintil* da renda, as veces cubrindo o custo total do prezo ou combinando co aforro familiar ou crédito hipotecario. A política o que conseguiu foi a desaparición das “tomas” de terras e unha redución dos asentamentos informais (Sabatini, 2022). En termos cuantitativos, esta iniciativa foi tillada coma un éxito, incluso polos sectores máis críticos.

Pese a este éxito cuantitativo, non significa que tivera resultados perfectos. Entre os problemas desta política atopamos a baixa calidade e escasa flexibilidade construtiva das vivendas. A maiores está a localización das mesmas, xa que a construción destas vivendas fíxose en solos adquiridos por empresas construtoras e localizáronse maioritariamente na periferia oeste na cidade, é dicir, nos barrios populares. Pola contra, nos barrios acomodados no norte oriental apenas fixéronse vivendas sociais e resultado da política foi a desaparición dos asentamentos informais nestas comunas. A estes problemas, engádese o despregue co capitalismo inmobiliario na cidade, especialmente coa xentrificación nas

áreas de baixos ingresos, que significou que non haxa solo para a vivenda social, o que aumentou notoriamente o “déficit de habitacións” (Sabatini, 2022).

Así pois, o resultado das políticas urbanísticas en Santiago, ou máis ben a ausencia xa que é o sector privado quen determina a expansión inmobiliaria, desembocou nunha cidade altamente segregada. As clases máis adineradas concéntranse nas Comunas do nororiente, próximas a cordilleira dos Andes. As clases máis populares aséntanse no sector sur e occidental.

Neste sentido, cómpre destacar que elixir Praza Italia, na Comuna de Providencia, coma escenario para as protestas durante o Estalido Social non foi casualidade. Para os habitantes santiaguinos, a Praza Italia representa un punto fronteirizo entre os dous Santiagos que existen, o próspero en contraposición ao marxinal.

Resultados

Cuantificación da exclusión social

Comezamos este apartado de resultados cos datos cuantitativos. Inicialmente móstranse os datos dos salarios reais na cidade. Para estes datos empregouse o informe sobre Os Verdadeiros Salarios de Chile, realizado polos autores G. Durán y Kremerman (2023), publicados pola Fundación SOL.

Os datos rexistran que o salario medio na rexión Metropolitana, na cal se encadra a provincia do Gran Santiago, é de \$875.891 pesos chilenos, é dicir por debaixo do equivalente a 1.000€ mensuais. Agora ben, o sorprendente é que o 50% dos traballadores e traballadoras da rexión, teñen un salario por debaixo dos \$594.217 pesos chilenos. Os datos tamén sinalan, que o 70% dos traballadores e traballadoras desta rexión cobran por debaixo dos \$864.478 pesos chilenos, e soamente o 20% da poboación rexional ten un salario superior aos \$1.197.346 pesos chilenos.

De feito estes datos mostran un paradoxo, pese a que a media salarial da rexión Metropolitana é de \$875.891 pesos chilenos, o 70% dos traballadores e traballadoras estarían cobrando por debaixo da media.

Os datos referentes a provincia do Gran Santiago continúan na liña da súa rexión, e mesmo a superan. A media salarial provincial é de \$925.288 pesos chilenos mensuais, agora ben a metade dos traballadores e traballadoras terían un salario menor aos \$600.000 pesos. O 70% das persoas que traballan, fano cun salario menor aos \$753.905 pesos, e soamente o 20% sobre pasa os \$930.940 pesos mensuais. É dicir, no caso da cidade de Santiago de Chile, aproximadamente o 80% dos traballadores e traballadoras teñen un salario por debaixo da media

| Disponibilidade presupostaría no ano 2022 | | | | |
|--|------------|------------|-------------|--------------|
| | P50 | P70 | P80 | Media |
| Rexión Metropolitana | \$ 594.217 | \$ 864.478 | \$1.197.346 | \$ 875.891 |
| Provincia do Gran Santiago | \$ 600.000 | \$ 753.905 | \$ 930.940 | \$ 925.288 |
| Media de Chile | \$ 502.604 | \$ 792.289 | \$1.000.000 | \$ 757.752 |

Figura 4: Percentís dos salarios en Chile. Elaboración propia a partir dos datos da Fundación SOL.

Esta realidade salarial, ilustrada na Figura 4, o que evidencia é como as medias estatísticas non son fieis a realidade de moitos habitantes de Santiago de Chile. Esta falsa realidade a nivel da cidade, é o que ocorre a gran escala no conxunto do país, representado tamén nesta figura.

Un dos mecanismos empregados polos cidadáns para superar este atraso salarial é recorrer ao endebedamento. Seguindo os datos do 40º Informe de Débeda Morosa Universidade San Sebastián – Equifax, citado no informe da Fundación SOL, rexístranse para 2023 unhas 4,15 millóns de persoas morosas, as cales non poden pagar as débedas contraídas. O número de debedores morosos pasou de 1.390.127 persoas en 2012, a 4.150.039 no 2023. O monto medio de morosidade é de \$2.000.000 pesos chilenos. Seguindo datos da última Enquisa de Presupostos Familiares do INE, vistos no mesmo informe da Fundación SOL, máis do 70% dos fogares chilenos está endebedado. Estes datos respectivos ao endebedamento, mostran os mecanismos que empregan os bancos para sacar beneficio da precariedade vivida por unha gran parte da cidadanía. Así mesmo, é

unha forma de aumentar o seu poder, xa que case tres cuartas partes dos fogares chilenos teñen débedas co institucións bancarias.

Unha vez coñecidos os salarios reais para as persoas, é momento de falar das taxas de pobreza na cidade. Este dato, se ben obtívose na Biblioteca do Congreso Nacional de Chile, ven dado pola enquisa Casen do ano 2020. Este indicador mostra ao conxunto de fogares cuxo ingreso total mensual non supera o valor da liña de pobreza, e que, polo tanto non conta cos ingresos suficientes para satisfacer o consumo dun conxunto básico de bens alimentarios e non alimentarios.

Para entender ben os datos, revisamos a Figura 1, nela márcase para o ano 2020 (ano dos datos deste apartado) a liña de pobreza márcase en 157,20\$ mensuais. Aplicándoo a enquisa Casen, enténdese que se multiplica esta liña de pobreza polo número de persoas dun fogar, e aqueles fogares que estean por debaixo da liña considéranse en situación de pobreza. Hai que resaltar nestes datos, que fan referencia aos fogares, non as persoas residentes nas Comunas, co cal é lóxico pensar que os porcentaxes de persoas en situación de pobreza sería superior.




Figura 5: A taxa de pobreza por Comunas. Elaboración propia.

Como observamos na Figura 5, hai unha diferenciación bastante evidente entre as comunas do Oriente e as de Occidente. Especificamente, é no sector nororiental de Santiago onde menor taxa de pobreza por ingreso atopamos, estas Comunas corresponderían a Providencia, Ñuñoa, Vitacura, e As Condes. As dúas primeiras, Providencia e Ñuñoa, serían as que actúan como fronteira fronte ao sector occidental da cidade. Neste occidente santiaguino, acumúlanse as maiores taxas de pobreza, maioritariamente no centro da cidade e no sur.

Este primeiros datos, xa mostran unha importante segregación, marcada polas políticas públicas urbanísticas mencionadas anteriormente. Así mesmo, tamén plasman as desigualdades sociais, xa que a diferenza entre a Comuna con maior taxa de pobreza, e a de menor, é de máis dun 10%. Cómpre mencionar, que as taxas de pobreza mostran situacións extremas nos fogares, mais como podemos observar nos salarios, hai unha elevado porcentaxe da poboación que vive moi próximo a esta taxa, en situacións de precariedade.

Continuando nesta liña de situacións extremas, ademais dos poucos ingresos da poboación hai que ter en conta a carencia de acceso a servizos básicos. Este dato expresa o porcentaxe de persoas carentes de servizos básicos presentes no Rexistro Social de Fogares (RSH) cualificadas no determinado tramo da Cualificación Socioeconómica (CSE), respecto ao total de persoas do RSH no tramo do CSE correspondente. A CSE é unha medida do nivel socioeconómico de cada fogar, co obxectivo de que os fogares cun menor nivel socioeconómico reciban axudas do Estado.

Así para obter este dato, o Ministerio de Desenvolvemento Social e Familia, divídese o número de persoas carentes de servizos básicos presentes no RSH cualificados en cada tramo do CSE, entre o total de persoas do RSH no tramo CSE correspondente.

Novamente son as Comunas do centro da cidade as que presentan unha peor porcentaxe de persoas carentes de servizos básicos. Resalta nestes datos, como a periferia mostra unhas menores porcentaxe, isto pode deberse a que é no centro onde hai unha maior concentración de vivendas. Os sectores do norte oriental marcan novamente as porcentaxe máis baixas (Figura 6). A cartografía continúa a tendencia das taxas de pobreza, as cales acentúanse no centro da cidade, debido a que é onde maior porcentaxe de poboación reside. Ligado a isto, hai que mencionar o movemento de poboación de altos recursos, progresivo dende o centro cara oriente, máis próximo a Cordilleira para evitar a xa citada contaminación do centro.




Figura 6: Poboación carente de servizos por Comunas. Elaboración propia.

Proseguindo coa análise, agora poremos o foco noutros problemas como os fogares superpoboados, os cales indican a incapacidade dos adultos do fogar que mudarse, ou cambiar a unha vivenda máis adaptada para o número de membros da familia. Representáanse aqueles fogares onde o número de habitantes por vivenda é superior a capacidade da mesma. O índice é a razón entre o número de persoas residentes na vivenda

e o número de dormitorios desta, considerando as habitacións de uso exclusivo ou múltiple.

Nesta ocasión, son os fogares do sur da cidade de Santiago os que presentan un maior súper poboamento. No centro as porcentaxes manteríanse entre os 8 e os 10,4%, mentres que son as Comunas do nororiente as que marcan as porcentaxes máis baixas, entre o 1,9 e o 3,7% (Figura 7). Isto débese maioritariamente, a que debido as políticas de expulsión, por parte das Comunas con maior poder adquisitivo, das clases populares, están presentaron unha tendencia cara a instalación de asentamentos informais nas Comunas do sur. Estes asentamentos informais serían casos extremos, xa que indican que as familias xa non teñen acceso a vivenda.




Figura 7: Fogares superpoboados por Comunas. Elaboración propia.

Ademais, no sector oriental hai un predominio de casas sobre bloques de edificios. Este factor, xa que unha casa é polo común unha vivenda con máis capacidade de persoas ca un piso, tamén explicaría a ausencia deste súper poboamento en oriente.

Unha vez tratados diferentes indicadores centrados na capacidade e a situación socioeconómica das persoas e fogares das Comunas, é momento de falar da capacidade económica da gobernabilidade das propias Comunas, para iso empregamos o dato da dispoñibilidade presupostaría por habitante en miles de pesos. Este dato determina cal sería a que se pode facer en cada Comuna por cada un dos seus habitantes.




Figura 8: Dispoñibilidade presupostaría por habitante en cada Comuna. Elaboración propia.

Vólvese a facer evidente nesta representación as diferenzas económicas entre Comunas. As que terían unha maior dispoñibilidade presupostaría serían Vitacura e As Condes, ambas do sector do norte oriental, cunha capacidade de gasto de entre os \$846.000 e os \$1.036.000 pesos chilenos por habitante (1€ é aproximadamente o equivalente a \$1.000 pesos chilenos). Cifra moi distante das Comunas do centro e sur da cidade, as cales todas oscilan por debaixo dos \$375.000 pesos chilenos, e mesmo atópanse até 10, das 32 Comunas totais, por debaixo dos \$187.000 pesos chilenos (Figura 8).

Deste xeito vemos, que as diferenzas entre as Comunas da cidade, son palpábeis tanto a nivel da poboación como a nivel administrativo. Isto xa acentúa as desigualdades, xa que

serán as Comunas con maior capacidade presupostaría as que teñan mellores infraestruturas.

Análise das enquisas

Achéganse neste apartado os resultados obtidos das enquisas realizadas, nas cales participaron cerca de cincuenta persoas residentes da cidade de Santiago de Chile. Para mostrar os datos obtidos, primeiro repasaremos o perfil das persoas que participaron nesta enquisa, representados na Figura 9.



Figura 9: Perfil dos participantes. Elaboración propia.

Os participantes nestas enquisas son maioritariamente xente nova. O grupo de idade maioritario sería entre os 15 e os 24 anos, ao cal pertencen até 25 participantes. O segundo máis numeroso é entre os 25 e os 34 anos, con 18 participantes. Despois, houbo unha persoa entre os 35 e os 44 anos, mentres que hai dúas de entre 45 e 59 anos. Este predominio da xente nova vai aportar unha visión actual da cidade, e mesmo crítica, xa que lembremos durante o Estalido Social, nos seus comezos foron os estudantes de secundario e universitarios os que máis se mobilizaron.




Figura 10: Residencia dos participantes. Elaboración propia.

O sexo dos participantes é maioritariamente feminino, cun 57% de mulleres que contestaron a enquisa fronte a un 41% de homes. Da xente participante, a inmensa maioría, un 87%, son persoas de nacionalidade chilena, fronte a un 13% de estranxeiros. Deste grupo, o 70% teñen estudos universitarios, un 17% os estudos secundarios, e un 13% estudos pos-universitarios. Así mesmo, 29 dos participantes continúan estudando fronte a 14 persoas que están traballando, soamente habería 1 desempleado.

A gran maioría dos participantes residen en Comunas do centro da cidade, as dúas con maior participación foron Providencia e Santiago, ambas representan a máis do 40% dos participantes, a primeira englobaríase nas Comunas con maior poder económica, e a segunda nas menos favorecidas. Sobre a residencia nestas Comunas, hai 15 persoas que levan vivindo na mesa dende sempre; 9 que levan máis de dez anos; 7 que levan menos de dez anos; e até 15 persoas que levan na súa actual Comuna menos de 2 anos.

Esta mostra contrastada, onde a maioría da xente ou leva vivindo toda a vida na mesma Comuna, ou leva menos de dous anos nesta, aportará ao estudo unha ampla visión sobre a realidade comunal de cada persoa. Como comprobamos nos perfís participativos, a ampla maioría da mostra ten estudos universitarios ou superiores. Porén, preguntouse sobre se estas persoas tiveron que endebedarse para poder cursar os seus estudos, xa que este como comentamos é un dos principais problemas do país.




Figura 11: Endebedamento para estudar. Elaboración propia.



Figura 12: Tempo do endebedamento. Elaboración propia.

A maioría das persoas que participaron na enquisa tiveron que endebedarse para poder cursar estudos universitarios, dos cales o 84% contraeron unha débeda por máis de dous anos. Até 13 participantes non tiveron que endebedarse grazas as axudas da súa familia, e outros 10 tampouco tiveron que contraer débedas grazas as axudas governamentais. Catro participantes tiveron que traballar nalgún momento para poder permitirse o acceso a universidade.

Estes datos reflexan a precariedade existente no país, unha situación que afecta as persoas que se están formando, xa que a maioría tivo que recorrer ao endebedamento para poder facer os estudos universitarios. Dos que contraeron unha débeda para formarse, a maioría tivo que endebedarse durante máis de dous anos. A ausencia dunha educación pública de calidade, e mesmo unha ausencia de axudas públicas, provoca que ir universidade sexa un privilexio que se paga moi caro entre as clases populares. É o retrato, dun sistema educativo que beneficia as clases altas e que permite as mesmas conservar as súas posicións de privilexio, do mesmo xeito que exclúe as demais.

Coñecidas as dificultades para formarse, agora entramos nos salarios na cidade que a poboación percibe necesarios para vivir na capital do país, dita percepción atópase nas Figuras 13 e 14.




Figura 13: O salario mínimo en Chile. Elaboración propia.



Figura 14: O salario necesario para vivir cómodo en Santiago. Elaboración propia.

Seguindo a percepción dos participantes, a maioría (61%) considera que o salario mínimo actual do país non é suficiente para vivir en Santiago de Chile, e até un 37% considera que soamente permite vivir na cidade compartindo piso. É dicir, un 98% dos participantes consideran que non se pode vivir independentemente na capital do seu país co soldo mínimo. Ao preguntar, cal sería o salario necesario para vivir comodamente en Santiago, o 47% opina que necesitaríanse entre \$700.000 e \$1.000.000 de pesos; un 44% considera que máis de \$1.000.000; e soamente o 9% considera que se pode vivir comodamente cun salario inferior aos \$700.000 pesos.

Esta visión, contrastada cos datos salariais extraídos da Fundación SOL, permítenos extraer algunhas conclusións pesimistas respecto a calidade de vida dos traballadores e traballadoras. Para o 44% dos participantes, para vivir comodamente na cidade, entendendo vivir comodamente como ter capacidade de vivir só e chegar a fin de mes sen apuros, o salario necesario sería de máis de \$1.000.000 de pesos chilenos. Comparándoo cos datos cuantitativos, menos do 20% da poboación de Santiago de Chile viviría comodamente. Para o 47%, unha vida cómoda conséguese cun salario de entre \$700.000 e \$1.000.000 pesos chilenos, este rango implicaría que a poboación que vive comodamente en Chile é aproximadamente o 30%, o que continúa supoñendo unhas elevadas desigualdades dentro da cidade.

Así mesmo, para o 61% dos participantes o salario mínimo do país (\$503.000 pesos chilenos) non é suficiente para vivir en Santiago, o 50% dos traballadores e traballadoras santiaguinos teñen un salario de \$600.000 pesos chilenos. Isto implica, que a metade dos traballadores posúen un marxe de aforro mensual moi baixo.

A perspectiva cidadá mostra que a precariedade é unha realidade, e a independencia económica un obxectivo ao que non todos poden chegar. Hai que lembrar que moitos dos estudantes que saen da universidade endebedados, cando estes entran a traballar aínda teñen que seguir pagando polos seus estudos cursados. Isto, ligado a pouca capacidade de aforro que hai entre a poboación provoca unha situación insostible para a xuventude. Da cal como se mostra a continuación, moi pouca alcanzou a independencia económica.




Figura 15: Independencia económica. Elaboración propia.



Figura 16: Rango de ingresos. Elaboración propia.

Da xente que participou, a ampla maioría, un 76%, non é independente economicamente. Ao preguntar sobre o rango de ingresos, a maioría deles non chegaba ao salario mínimo; dez deles terían un salario maior que o mínimo pero inferior aos \$1.000.000; mentres que soamente sete superarían os \$1.000.000 de pesos mensuais. Deste xeito, evidéncianse as dificultades das novas xeracións para vivir en Santiago, e móstranse de feito, como até 15 persoas das participantes non chega ao salario mínimo. As cifras, axudan a reforzar a idea destas malas condicións de vida entre os santiaguinos e santiaguinas.

A continuación, veremos a visión da distribución da pobreza e riqueza na cidade que ten a poboación. Nun primeiro momento, nesta Figura 17, obsérvase a resposta unánime de que as Comunas non teñen os mesmos niveis económicos




Figura 17: Niveis económicos das Comunas. Elaboración propia.




Figura 19: Percepción da pobreza por Comunas. Elaboración propia.




Figura 18: Percepción da riqueza por Comunas.. Elaboración propia.

Preguntando sobre cales son, baixo a súa percepción, as Comunas máis empobrecidas e cales as máis enriquecidas, a cartografía evidencia unha tendencia clara. Os cidadáns de Chile diferencian perfectamente dous sectores da cidade, o sector oriental, o cal relacionase coa riqueza e a prosperidade; fronte ao sector central e occidental, empobrecido e no cal sitúanse as clases máis populares e colectivos máis vulnerábeis. Deste xeito, entre a poboación teñen moi clara esta división da cidade. Nos datos cuantitativos puidemos ver como os datos ían mostrando unha división, mais baixo a percepción cidadá esta división acentúase e faise evidente nas Figuras 18 e 19.

Unha vez vista esta división da desigualdade, interesa coñecer o alcance da mesma e a percepción sobre a pobreza que teñen os santiaguinos e santiaguinas. Para isto, preguntouse a partir de que limiar consideraban que unha persoa está en risco de pobreza.




Figura 20: Límites de pobreza. Elaboración propia.

Sobre este limiar de pobreza na cidade, un 37% dos participantes considera que as persoas en risco de pobreza son aquelas con ingresos entre os \$400.000 e os \$503.000 pesos chilenos. Case a metade, o 48% considera que os umbrais son entre os \$200.000 e os

\$400.000 pesos chilenos. Finalmente, un 15% considera que esta liña de pobreza é por debaixo dos \$200.000 pesos mensuais.

Se ben os datos oficiais da CEPAL, como coñecemos mediante a Figura 1, sitúan a liña de pobreza en 174,5\$ dólares mensuais (equivalente aproximadamente a \$170.000 pesos chilenos), soamente o 15% dos participantes identifican a risco de pobreza por debaixo dos \$200.000 pesos, conforme os datos oficiais. O 48% dos participantes consideran que o limiar de risco de pobreza atópase entre os \$200.000 e os \$400.000 pesos chilenos, mentres que o restante 37% considérao entre os \$400.000 e os salario mínimo.

Deste xeito, o limiar de risco de pobreza percibido pola poboación non concorda cos datos oficiais, e os participantes consideran que todas aquelas persoas que cobran por debaixo do salario mínimo están en risco de pobreza, no contexto da capital chilena. Un dato preocupante se lembramos, que a maioría dos participantes indicaron ter un salario mensual por debaixo dos \$503.000 pesos, co cal, a maioría deles perciben que están en risco de pobreza.

Os diferentes datos indícanos que a pobreza é unha situación moi presente en Santiago. Para preguntarlle aos participantes, decidiuse facelo sobre a pobreza extrema, e para que non houbera mal interpretacións indicouse a pobreza extrema como persoas que viven na rúa. Elixiuse isto porque considerouse como unha situación facilmente recoñecible polos santiaguinos e santiaguinas.

Considera que a pobreza extrema é un problema na cidade de Santiago de Chile?




Figura 21: Pobreza extrema en Santiago. Elaboración propia.

Que opina respecto ao número de persoas vivindo na rúa?



Figura 22: Afirmacións da pobreza extrema. Elaboración propia.

Así pois, para o 82% dos participantes, a pobreza extrema é un problema importante ou moi importante en Santiago, e só un 18% deles considérao un problema relevante. No respectivo a opinión da xente sobre as persoas que viven na rúa, a maioría, 27 persoas, consideran que houbo un aumento nos últimos anos; 11 persoas afirman que o número é menor que noutras cidades de latino América; seis delas responden que o número é alarmante; soamente unha percibiu que non houbo un aumento nos últimos anos.

De acordo coa percepción dos santiaguinos e santiaguinas, a pobreza extrema é unha situación cada vez máis notable na capital chilena. O aumento nos últimos anos, púidose deber aos efectos da crise da COVID-19. A poboación é consciente desta problemática, e de feito, foi unha das demandas que se fixeron durante o Estalido Social no país, mais cando se lle preguntou aos participantes sobre os efectos destas revoltas as respostas non son demasiado positivas



Figura 23: Percepción do Estalido Social. Elaboración propia.

O 75% das respostas sobre se o Estalido serviu para mellorar a vida dos chilenos/as é unha negativa, até tres cuartas partes consideran que as súas vidas non melloraron pese as mobilizacións do pasado. Pese a que o Estalido servira para mostrar a desconformidade

da cidadanía co sistema vixente, o certo é que a nivel institucional non se chegou aos obxectivos que se esperaban por parte dos chilenos e chilenas. Houbo até dúas propostas de novo texto Constitucional, e ambas foron rexeitadas ao ser sometidas a votación polos propios cidadáns. O proceso do novo texto Constitucional a día de hoxe está parado, e isto provoca esta visión por parte da sociedade. Malia esta falta de resposta institucional, o presente traballo evidencia que moitas das demandas levadas a cabo durante as protestas de outubro do 2019, continúan presentes a día de hoxe en Santiago de Chile.

Conclusións

A nivel de conclusións, como se puido ver, o proceso de implantación das políticas neoliberais faise durante a Ditadura de Pinochet sen ningún elemento democrático. Se ben é certo, Chile sempre estivo fortemente influenciado polo liberalismo económico, cómpre lembrar que durante o século XIX o seu principal aliado comercial foi Gran Bretaña, e no século XX os Estados Unidos, ambos países cunha enorme tradición liberal.

Pese a esta influencia, o neoliberalismo no país sería imposto pola forza por Pinochet, quen a súa vez como se viu, estaba fortemente condicionado polos Estados Unidos, os cales fixeron de Chile un experimento de políticas neoliberais. Estas políticas terían consecuencias fatais para as clases populares, que vían como progresivamente os servizos públicos debilitábanse fronte a privatización. Esta situación, sumada as constantes violacións aos dereitos humanos levadas a cabo durante a ditadura, provocaría protestas na poboación, que conseguiría mediante un plebiscito a volta da democracia no ano 1990.

Malia a democratización do país, a Constitución de 1980 redactada na Ditadura, asentou de forma rixida no país os principios neoliberais, os cales continúan presentes en Chile trinta anos despois pese as diversas reformas que aplicaron os gobernos. Este sistema neoliberal, era de cara ao exterior un exemplo polas súas boas cifras económicas, en efecto o PIB non paraba de subir ano tras ano, así coma o PIB pér capita, e mesmo conseguíase reducir a pobreza ano tras ano. Así e todo, estas cifras camuflaban unha triste

realidade no país, no cal cada vez aumentaban as diferencias sociais. Moita xente, en especial en Santiago, non era capaz de aforrar mensualmente xa que o seu salario tiña que invertirse para chegar a fin de mes. A situación explotou no ano 2019 durante o Estalido Social que mostrou que a realidade en Santiago era moi distinta as cifras oficiais.

As políticas públicas levadas a cabo na capital, lonxe de paliar os efectos do neoliberalismo, déronlle aínda máis poder e deixaron que fora o libre mercado quen marcara o futuro da cidade. Esta ausencia de políticas reguladoras en Santiago, provocaron unha forte segregación na capital que se acentúa co paso dos anos. Dita división, separaría as comunas prósperas e ricas da cidades no sector do norte oriental, das comunas empobrecidas e marxinas, que abarcarían como se puido ver dende o centro até occidente e o sur da cidade.

Tanto de xeito cuantitativo, coma cualitativo, comprobouse como esta división é unha realidade, e separa aos diferentes grupos sociais, os cales cada vez aglutínanse máis en dous grandes grupos, os ricos e os pobres. Deste modo, as políticas neoliberais o que conseguen é debilitar a clase media do país e aumentar as desigualdades. Igualmente, debilita os salarios, que grazas as estatísticas, pódese ver que case tres cuartas partes da poboación ten ingresos por debaixo da media, o que evidencia as debilidades dun sistema que aínda continúa a día de hoxe a facer estragos nos chilenos e chilenas.

Grazas aos datos extraídos, cóñécense algunhas conclusións moi preocupantes sobre a verdadeira situación económico-social chilena. Baixo a percepción cidadá, soamente o 30% dos habitantes de Chile vive comodamente, o que retrata unha enorme desigualdade social dentro da cidade. Esta cifra, deixaría a cerca do 70% dos santiaguinos e santiaguinas cunha marxe moi pequena respecto ao limiar de pobreza, se non é que están xa dentro do mesmo. Neste mesmo sentido, as melloras nos datos macroeconómicos non se traduciron en melloras nos salarios, actualmente o mínimo salarial é de \$503.000 pesos chilenos, unha cifra que o 61% dos participantes considera insuficiente para poder vivir en Santiago.

O deterioro dos servizos públicos en favor do sector privado, tradúcese en que os cidadáns para acceder a servizos, que nun Estado do benestar estarían asegurados, teñan que

concorrer a endebedarse. A gran maioría dos estudantes da cidade, teñen que contraer débedas cos bancos para permitirse unha educación universitaria, e as débedas son maioritariamente superiores aos dous anos. O endebedamento é un recurso moi empregado pola cidadanía, e de feito até o 70% dos fogares do país ten débedas.

A gran resistencia para o cambio en Chile é a Constitución do ano 1980, un texto que asenta as bases deste Estado subsidiario, así coma os principios neoliberais. Este texto ademais, pese a que admite modificacións, deseñouse para perdurar no tempo, e o seu arraigamento nas clases altas e nos grandes poderes económicos fan que aínda continúe a día de hoxe. Como xa comentamos, o alto nivel de endebedamento do país é unha realidade, e esta situación aos que máis beneficia é aos propios bancos, así como as empresas do sector privado que enriquecense a costa de servizos básicos da poboación. Os sectores da dereita, son os que máis defenden o sistema actual, xa que resulta beneficioso nos datos macroeconómicos do país, e como sabemos o principal argumento da dereita é que canto mellor vaia a economía dun país, mellor lle vai a poboación do mesmo. Argumento, que pese a defensa destes sectores dereitistas, este traballo e tantos outros sobre a materia, evidencian que non se cumpre en Santiago de Chile.

Os actores que si que se manifestan a favor deste cambio son os que saíron as rúas durante o Estalido Social do ano 2019. Teñen nestas protestas, un gran papel os estudantes, tanto secundarios coma universitarios, que foron os que comezaron as protestas. Esta relevancia da xuventude, marca unha importante brecha xeracional e unha conciencia de aspiración ao cambio real no país. Outro dos sectores máis activos durante estas protestas son os pobos orixinarios, maioritariamente os Mapuches, os cales historicamente sempre estiveron enfrontados aos distintos gobernos chilenos e que recibiron un forte apoio por outros sectores sociais durante o Estalido. A gran concentración do 25 de outubro, histórica por acoller a máis dun millón de persoas en Santiago, non debe esquecerse, xa que plasmou como a maioría dos grupos sociais da cidade pedían o cambio. Neste sentido cabe recalcar que pese a que ambos proxectos de nova Constitución fracasaran nas votacións, isto non significa que a xente apoie a Constitución de 1980, como diferentes sectores políticos queren facer crer, se non que os proxectos presentados non foron ben

recibidos pola cidadanía. Mais estes fracasos constitucionais, non deben eclipsar o feito de que case o 80% da poboación votou a favor dun cambio de Constitución no ano 2020.

Unha vez visto isto, podemos afirmar a hipótese inicial deste traballo. As estatísticas macroeconómicas que mostra Chile, no seu conxunto, non son fieis a realidade que viven os seus cidadáns. Visto o caso de Santiago de Chile, a capital do país, obsérvanse profundas desigualdades entre os habitantes da cidade. Estas desigualdades, plásmanse no territorio diferenciando as Comunas de Oriente como as de maior poder económico e as de Occidente, e o centro, as máis desfavorecidas. Esta división é reforzada pola opinión cidadá, que a través das enquisas mostrou esta percepción. Estas desigualdades territoriais son froito das Políticas Públicas Urbanísticas, que favorecen ao sector inmobiliario, respondendo aos principios neoliberais do país.

Bibliografía

About CEPR. (s. f.). CEPR. <https://cepr.org/about>

Alcalá, C. (2023, 15 mayo). La independencia chilena: San Carlos o la poca experiencia y la indisciplina de las fuerzas patriotas. El Debate. https://www.eldebate.com/historia/20230515/san-carlos-independencia-chilena_114250.html#:~:text=La%20independencia%20o%20emancipaci%C3%B3n%20de,jurada%20el%2012%20de%20febrero

Allen, R. C. (2011). Historia económica mundial: Una breve introducción.

Arcaya, Ó. G. (1999). La transición chilena a la democracia: pactada. Estudios públicos, (74), 79-106.

Bernal-Meza, R. (1996). Evolución histórica de las relaciones políticas y económicas de Chile con las potencias hegemónicas: Gran Bretaña y Estados Unidos. Estudios Internacionales, 29(113), 19–72. <http://www.jstor.org/stable/41391541>

Biblioteca del Congreso Nacional de Chile. (s. f.). Portal de la Biblioteca del Congreso Nacional de Chile. Portal de la Biblioteca del Congreso Nacional de Chile. <https://www.bcn.cl/portal/>

Camacho, J. (2014). Exclusión social. Eunomía. Revista En Cultura de la Legalidad. <https://e-revistas.uc3m.es/index.php/EUNOM/article/view/2242/1178>

Campero, G., & Cortázar, R. (1988). Actores sociales y la transición a la democracia en Chile. Colección estudios CIEPLAN, 25, 115-158.

Carrillo Nieto, J. J. (2010). El neoliberalismo en Chile: entre la legalidad y la legitimidad. entrevista a Tomás Moulián (T. Moulián). Perfiles Latinoamericanos. <https://www.scielo.org.mx/pdf/perlat/v18n35/v18n35a6.pdf>

Casals, M., & Estefane, A. (2021). El “Experimento chileno”. Las reformas económicas y la emergencia conceptual del neoliberalismo en la dictadura de Pinochet, 1975-1983. *História* Unisinos.

https://d1wqtxts1xzle7.cloudfront.net/68394541/Estefane_Casals_Neoliberalismo_Unisinos-libre.pdf?1627652303=&response-content-disposition=inline%3B+filename%3D2021_El_experimento_chileno_Las_reforma.pdf&Expires=1716051013&Signature=GjxgGNUQqFJ5XHqt1EqR3DAK8jMJQ~E7Iyi7x2rMRvzBJZ~hDd8oLgezPRAM79gRXBXUQX1HZzBPf98e1Wj3cVmyKekZ5VQxX Xu~6y6xQxAEvAZuDGQ1zkYJskTD4XiEajzGqnFI6kYWx373wgTAsqpnqWmB3snrcstHPqLfQGuul8D3mmiqXF0RcYTcPtRZr1IGGhWdEIDO23NnY-rfp9WqMBSmGFGL9GPmtXAODJaRSJvzTgX-myObePR8uiZsK8Eu3AUQ~bgMb60qrvl~1V4nrs1uMSiqW7iyOUb-Y5SpnPIT70MMRgpN6m3c18N38rz87kfrbP-5udub8GaZA_&Key-Pair-Id=APKAJLOHF5GGSLRBV4ZA

CEPAL. (2018). Medición de la pobreza por ingresos: Actualización metodológica y resultados. CEPAL. <https://repositorio.cepal.org/server/api/core/bitstreams/60b5f962-5ec5-4b6c-b36a-e0545ce6c2f4/content>

Chile: datos útiles. (s. f.). <https://www.exteriores.gob.es/Embajadas/santiagodechile/es/ViajarA/Paginas/Chile-Datos-%C3%Atilas.aspx>

Corvalán, L. (2003). El gobierno de Salvador Allende. LOM ediciones.

Durán, G. D., & Kremerman, M. K. (2022). Los verdaderos sueldos de Chile (Fundación SOL, Ed.; ISSN 0719-6695). Fundación SOL. [https://fundacionsol.cl/cl_luzit_herramientas/static/adjuntos/7407/Vs2023%20\(ESI2022\).pdf](https://fundacionsol.cl/cl_luzit_herramientas/static/adjuntos/7407/Vs2023%20(ESI2022).pdf)

Estado subsidiario. (2024). Diario Constitucional. <https://www.diarioconstitucional.cl/>

Harmer, T. (2013). El gobierno de Allende y la guerra fría interamericana. Ediciones Universidad Diego Portales.

Harnecker, M. (1998). Los tres años del gobierno popular de Salvador Allende. Español (Ecuador). Santiago de Chile: CEME (Centro de Estudios Miguel Enriquez).

Honorable Cámara de Diputadas y Diputados - Chile. (s. f.). <https://www.camara.cl/>

Índice de Gini 2023. (s. f.). Datosmacro.com.
<https://datosmacro.expansion.com/demografia/indice-gini>

INE - Instituto Nacional de Estadística. (s. f.). INE. Instituto Nacional de Estadística. INE.
<https://www.ine.es/>

Iñiguez, P. C., Rendón-Medel, R., Aguilar-Ávila, J., Salinas-Cruz, E., De la Cruz, F. D. R., & Sangerman-Jarquín, D. M. (2017). Métodos cuantitativos, métodos cualitativos o su combinación en la investigación: un acercamiento en las ciencias sociales. *Revista Mexicana de Ciencias Agrícolas*, 8(7), 1603-1617.

Jiménez-Yañez, C. (2020). # Chile despertó: causas del estallido social en Chile. *Revista mexicana de sociología*, 82(4), 949-957.

La Guerra de Arauco (1550-1656). (s. f.). Memoria Chilena: Portal.
<https://www.memoriachilena.gob.cl/602/w3-article-691.html>

Madregal, C. (2014). Robert C. Allen, *Historia económica mundial: Una breve introducción*, trad. Francisco Muñoz de Bustillo Francisco (Madrid: Alianza, 2013), 253pp. *Revista Escuela de Historia*, 13(2).
<https://www.redalyc.org/pdf/638/63848493006.pdf>

Mayan, M., & Introductoria, N. (2001). Una introducción a los métodos cualitativos. Módulo de entrenamiento para estudiantes y profesionales. Alberta: International Institute for Qualitative Methodology, 34, 1-43.

Meléndez, C., Rovira Kaltwasser, C., & Sajuria, J. (2021). Chile 2020: pandemia y plebiscito constitucional. *Revista de ciencia política (Santiago)*, 41(2), 263-290.

Memoria Chilena: Portal. (s. f.). <https://www.memoriachilena.gob.cl/>

Moreno, J. P. (2023, 4 septiembre). Pueblo Selk´nam es incluido entre las etnias indígenas reconocidas por el Estado. Cámara de Diputados.
<https://www.camara.cl/cms/noticias/2023/09/04/pueblo-selknam-es-incluido-entre-las-etnias-indigenas-reconocidas-por-el->

[estado/#:~:text=%E2%80%9CEI%20Estado%20reconoce%20como%20principales,aust
rales%3B%20y%20Selk'nam.](#)

Navarro, C. L., & Arce, G. M. (2016). Revisitando el concepto de exclusión social: su relevancia para las políticas contra la pobreza en América Latina. *Revista del CLAD Reforma y Democracia*, (65), 39-68.

Ochoa, N. (2023, 26 octubre). ¿Qué fue la doctrina Monroe? El Orden Mundial - EOM. <https://elordenmundial.com/que-fue-doctrina-monroe/>

Ortiz, J., & Escolano, S. (2008). Migraciones intrametropolitanas y sus efectos en la estructuración del espacio socioresidencial del Gran Santiago. En *Producción inmobiliaria y reestructuración metropolitana en América Latina*.

PIB per cápita por país en América Latina 2022 | Statista. (2024, 16 febrero). Statista. <https://es.statista.com/estadisticas/1066386/pib-per-capita-por-paises-america-latina-y-caribe/>

Pinto, S. (2024, 15 abril). Pedro de Valdivia, el conquistador de Chile. *historia.nationalgeographic.com.es*. https://historia.nationalgeographic.com.es/a/pedro-valdivia-conquistador-chile_8676

Pozo Cisternas, E. A. (2021). *Psicoanálisis y política: la particular historia y pre-historia del estallido social en Chile. Teoría y Crítica de la Psicología*.

República de Chile. (1901). *Imprenta de F. A. Brockhaus*.

Sabatini, F. (2022). Segregación residencial y políticas urbanas: convergencias y contrastes entre Barcelona y Santiago de Chile. *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, 68(3), 533-552.

Santander, P., Elórtegui-Gómez, C., Allende-Cid, H., Alfaro-Faccio, P., & Rodríguez, S. (2022). De la hegemonía digital a la derrota electoral: majority illusion en el plebiscito constitucional chileno. *Cuadernos. info*, (53), 70-94.

Statista. (s. f.). Statista - El portal de estadísticas. <https://es.statista.com/>

Titelman, N., & Leighton, T. (2022). ¿ Por qué ganó el rechazo a la nueva Constitución chilena?. Nueva Sociedad, (301), 4-14.

Unión Europea, & Makay, M. (Directores). (2023). La lucha contra la pobreza, la exclusión social y la discriminación. <https://www.europarl.europa.eu/factsheets/es/sheet/60/la-lucha-contra-la-pobreza-la-exclusion-social-y-la-discriminacion>

Vasconcelos, J. S. (2020). Tierra y derechos humanos en Chile: la contrarreforma agraria de la dictadura de Pinochet y las políticas de reparación campesina. Historia agraria: Revista de agricultura e historia rural, (80), 209-242.

Viera Álvarez, C. (2011). Análisis crítico de la génesis de la Constitución vigente. Revista de Derechos Fundamentales.

Waisbluth, M. (2020). Orígenes y evolución del estallido social en Chile. Santiago de Chile: Centro de Estudios Públicos Universidad de Chile.

Walker, I. (1992). Transición y consolidación democrática en Chile. Revista de Ciencia Política, 14(1-2), 89-104.

12 de febrero un día importante y lleno de acontecimientos históricos para Chile. (s. f.). Archivo Nacional. <https://www.archivonacional.gob.cl/12-de-febrero-un-dia-importante-y-lleno-de-acontecimientos-historicos-para-chile#:~:text=Un%20a%C3%B1o%20despu%C3%A9s%20el%2012,independencia%20de%20la%20monarqu%C3%ADa%20espa%C3%B1ola>.